



anda!na

61-62

revista galega de pensamento feminista
2-3/2012 prezo: 10 euros

anda!na 61-62

sumario

- 03 Editorial**
- 04 Andaina está de aniversario**
- 05 Denuncias e comentarios**
- 12 Rosa Bassave na memoria**
- 14 Unha ollada cara as mulleres do carbón**
Sonia Daponte – Zélia Garcia
- 16 Presidentas. O valor simbólico das mulleres con poder**
Nanina Santos
- 18 Ardores patrios, efluvios masculinos!**
P. Santos Arias
- 20 Esas mulleres!**
Isaura Graña
- 21 Acaso nós non somos mulleres?! [segunda parte]**
Hadriana Ordóñez Otero
- 25 Aborto: Unha volta atrás de trinta anos**
Celia Balboa
- 29 Imaxinario lesbiano: Ao outro lado do espello**
Mai Insua
- 32 Nan Goldin: Foto(autobio)grafía da ferida**
Lara Rozados
- 38 A educación, un elemento clave na loita pola conquista do espazo público**
M.ª Victoria Martins Rodríguez
- 40 Annie Sprinkle: Feminismo porno postmoderno**
Renata Otero
- 44 A fábrica de xabóns da Toxa**
Patricia Arias Chachero
- [LEMBRANZAS] **49 Unha homenaxe as mulleres das nosas vidas**
Anna Amorós Pons
- 50 Isidora, dende o bar Pose de Laxe**
Sabela Pose Rodríguez
- [LIBROS] **52 Rita Levi-Montalcini**
Patricia Arias Chachero
- 54 WITCH**
Zélia Garcia
- 56 A acabadora**
NSC
- [ILUSTRACIÓN] **58 Sostendo a vida**
Monstruodoxa

Revista Galega de Pensamento Feminista
Último semestre, 2012
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número

Sonia Daponte
Zélia Garcia
Nanina Santos
P. Santos Arias
Isaura Graña
Hadriana Ordóñez Otero
Celia Balboa
Mai Insua
Lara Rozados
M.ª Victoria Martins Rodríguez
Renata Otero
Patricia Arias Chachero
Anna Amorós Pons
Sabela Pose Rodríguez
NSC
Monstruodoxa

Deseño gráfico: **Uqui IIIII Cebra**

Imprime: **Grafisant, S.L.**

D.L.: C-1.146-88

Fe de erratas

A fotografía da portada do número 60 e máis a imaxe reproducida baixo estas liñas, publicada no artigo «15M 12M: Un ano erguendo ilusións» no mesmo número, son de Manu Fernández López.



Andaina non se identifica necesariamente coas opinións dos artigos que aparecen nesta revista

EDITORIAL

En xaneiro de 2013 *Andaina* cumpre 30 anos. Pode que nestes tempos da inmediatez dixital custe imaxinar como sería sacar aquela primeira *Andaina* de doce páxinas, maquetada na casa recortando e pegando debuxos e textos nunha mesa de luces. Os medios eran precarios, pero a ilusión e o convencemento de que o esforzo pagaba a pena tiñan impulso máis que bastante para compensar as dificultades. E a revista foi medrando xunto con esas dúas xeracións de mulleres que pasaron por ela. Medraron as súas páxinas e a calidade do deseño, pero tamén medraron as ideas.

Desde as páxinas de *Andaina* pódese seguir como evolucionou o feminismo nestes anos; os debates que se deron e as diferentes posicións que existiron, e que existen, á hora de analizar a situación das mulleres e de propor medidas para avanzar.

Nestes debates sempre intentamos escapar dos dogmatismos, da solución fácil de boas e malos. Avanzamos indagando nos erros e nos acertos, nos propios e nos alleos. Porque só con moitas preguntas podemos intuír cal é a resposta, ou as respostas, porque non hai só unha, como non hai só unha identidade de muller. E así, indagando e preguntando, fomos creando unha voz propia que moitas veces coincide nas reivindicacións con outras correntes feministas, pero que tamén algunhas veces mantén propostas e visións distintas.

Cambiaron moitas cousas nestes trinta anos, cambiaron as leis e tamén algúns prexuízos da sociedade contra ás mulleres, os medios e a política utilizan unha linguaxe *politicamente correcta* e xa non se cuestiona que unha muller poda alcanzar cotas

de poder. Pero a meta de non discriminación, de igualdade para escoller e construír a propia vida, segue a estar lonxe, e hoxe, cando vivimos momentos de clara involución, mesmo perigan algúns dos logros acadados.

Ante un tema como o da violencia machista se pasou de sinalar as mulleres como culpables da violencia que se exerce contra elas (lembramos algunhas sentencias famosas como a da minisaia) a ter unha Lei Integral contra a Violencia de Xénero aprobada por unanimidade no Parlamento español. Hai unha maior sensibilidade social con este tema, pero os casos de violencia non diminuíron. Desde *Andaina*, a diferenza da que pode ser a posición máis coñecida do feminismo que considera esta lei un logro importante, temos manifestado algunhas críticas por considerar que se vitimiza as mulleres máis que dotalas de medios para enfrontarse ao agresor, ou por deixar fóra da lei outras moitas agresións onde non ten por que mediar relación de parella, deixando así mesmo fóra a violencia entre parellas homosexuais.

Outros dos debates que tratamos en varias ocasións foron os relativos á sexualidade e a identidade sexual. Desde o dereito a expresar libremente calquera opción sexual recollido xa nos primeiros números polas comisións de lesbianas que comezaron a organizarse ao amparo do movemento feminista, ata as discusións sobre a identidade sexual e a transexualidade. A sexualidade e o xénero, máis como un continuo entre feminino e masculino que como dúas únicas posibilidades antagónicas e diferenciadas, son cuestións que se tratan en varios artigos e entrevistas a transexuais.

E arredor da sexualidade, do traballo e da violencia aparecen tamén os debates sobre a prostitución. Desde o feminismo oficial ou maioritario só se concibe as prostitutas como vítimas (*prostituídas*). Non se admite outra posibilidade, pero a realidade está chea de matices, e nin todas as persoas, mulleres e homes, que ofrecen servizos sexuais o fan obrigadas nin todas as persoas que demandan estes servizos son seres pervertidos aos que hai que perseguir. Se de verdade se quere perseguir as mafias da trata e conseguir que non existan mulleres que exerzan a prostitución obrigadas e en malas condicións, non se debería meter todo no mesmo saco, porque as situacións e os condicionantes son moi distintos. E, sobre todo, debería-se dar voz as protagonistas, tamén as que exercen a prostitución libremente. Todo o libremente que se pode exercer nunha sociedade que as estigmatiza e as condena moralmente. Por iso en varias ocasións, con artigos, entrevistas ou conferencias temos aberto as páxinas de *Andaina* a mulleres prostitutas, para que sexan elas, as protagonistas, as que falen e expoñan a súa situación.

Tratamos ademais temas e debates como o traballo doméstico e o desigual reparto das cargas familiares, a discriminación laboral, a feminización da pobreza, o teito de cristal nas empresas ou na política, as cotas e a discriminación positiva... E como non, tamén o dereito a decidir libremente sobre os nosos corpos: o dereito ao aborto libre, gratuito e na sanidade pública. Esa reivindicación que nos ten acompañado desde os anos setenta nestes días está de máxima actualidade coa proposta do ministro

de Xustiza de volver a unha despenalización aínda máis cativa ca de 1985.

Número a número ata cumprir trinta anos, un longo percorrido ten sido posible grazas á xenerosidade de moitas mulleres que dedican tempo e esforzo a escribir, a organizar cada número e a buscar colaboracións. Este é un traballo non profesional que se fai no tempo de lecer, non retribuído, tanto no caso das mulleres do consello de redacción coma no das colaboradoras. Un proxecto que se mantén sen subvencións nin publicidade, grazas ao apoio económico das persoas que se subscriben e colaboran ao seu financiamento.

Nestes anos pasamos dunha mesa de luces e algunhas fotos caseiras a internet e as redes sociais, dun folleto de doce páxinas á cuidada presentación que agora tedes nas mans. Tomádevos con calma a súa lectura e pasade as páxinas con mimo. *Andaina* é case a única publicación feminista en galego que resiste aos embates da crise e que consegue manter unha voz propia, aínda que sexa a contracorrente das institucións e dos medios.

Pero non só nestas páxinas, tamén no blogue e na web, en xornadas e charlas, no MUFEST, o festival de curtas que promove *Andaina* e que en 2012 chegou á terceira edición. Sexa cal sexa o formato ou o medio que utilizemos, seguimos mantendo o obxectivo que se expresaba naquel primeiro número de 1983: «Difundir e animar o debate entorno ás posicións e teorías feministas, á vez que denunciar as situacións de violencia e discriminación que lles acontecen ás mulleres». Porque seguimos convencidas de que o esforzo paga a pena. ■



Andaina está de aniversario

Andaina: Revista Galega de Pensamento Feminista vai estar de aniversario. En xaneiro de 2013 fará trinta anos que o número 0 viu a luz naquela Galiza de 1983.

E nós queremos celebralo, facerlle una festa a esta mozota que tantas alegrías nos ten dado, que ten xuntado a una presa de mulleres con afán de denunciar machismos, de difundir ideas e pensamento feminista. Mulleres teimosas en buscar e solicitar a mulleres que colaborasen cos seus escritos, opinións, pinturas, fotos, debuxos para publicar nas súas páxinas desmentindo as rutinas de que non hai apenas mulleres para facer estas e outras cousas.

Fixemos una equipa de redacción sempre dinámica e sempre afectuada, nunca profesional. Nunca ninguén cobrou un peso por programar, escribir ou colaborar. Nunca ninguén atopou nesta revista un esqueiro para subir a ningún lugar nin chulear de nada.

Estamos orgullosas, claro, de ter sido capaces de esta fazaña sen contar apenas con apoios institucionais nin difusión dos medios de comunicación, sempre máis atentos a que calquera político de aquí ou alí diga si, corte unha cinta ou descubra una placa.

Celebraremos o 30 aniversario da nosa revista que tirou 24 números ordinarios na primeira xeira (1983-1991) e 62 números na súa segunda etapa (1991-2012) con orgullo e tamén con preocupación.

A situación económica é moi difícil para a nosa revista. Agora facemos números, contas, plans e outras cousas para seguir tirándoa e poder, en papel e sobre, chegar as persoas subscritoras que nos apoiaron e a quen tanto agradecemos o seu estar aí.

A nosa *Andaina* está de aniversario e convidamos a quen se sinta dalgún xeito parte deste proxecto a que o celebre connosco.

denuncias e comentarios

M. C. D. tiña 17 anos en 1974. Condenárona a unha pena de entre 4 meses e 3 anos de «reeducación» porque era lesbiana, naquela altura segundo dicían as leis, un perigo social. Estivo 4 meses internada na prisión de Alcázar de San Juan en Cidade Real.

Este 15 de outubro presentou denuncia para ser indemnizada por tamaña represión, como xa fixeran gais e mulleres transexuais desde que en 2009 fose aprobada unha partida con este fin nos Presupostos Xerais do Estado (PGE). M. C. D. é a primeira lesbiana que o fai, que se acolle ao dereito de ser indemnizada por aquela represión abrindo esta porta a outras lesbianas que sufriran a Lei de Vagos e Maleantes (15/07/1954) e a posterior Lei de Perigosidade e Rehabilitación Social (1970), en vigor até 1979, sendo encarceradas, perseguidas ou internadas en manicomios sen que o indulto de 1975 nin a amnistía de 1976 lles atinxise nin lles fose aplicada.

Antonio Ruíz, presidente da Asociación de expresos sociais felicítase polo valente paso de M. C. D. e lembra que el mesmo foi encarcerado tres meses cando contaba con 17 anos, «tardei quince anos en recuperarme». Indemnizárono con 4000 €.

Esta partida ten a data límite de decembro de 2013 por decisión unilateral do goberno do PP. ■

Hadia Tajik, 29 anos, nada en Pakistán desde onde os seus pais emigraron a Noruega, foi nomeada ministra de Cultura no goberno laborista daquel país o 21 de setembro.

Formada na canteira laborista, salvouse polos pelos da matanza de Anders Behring Breivik en Utoya.

Forma parte desas 300.000 persoas inmigrantes non europeas en Noruega. Licenciada en Xornalismo e Dereito, cun Máster en Dereitos Humanos, domina o inglés, o urdo e o dari. É de relixión musulmana e ademais ten permiso de caza.

Defensora da igualdade de oportunidades: «Os políticos socialdemócratas deben repartir cartas a todos. E cada un decide como xogalas [...] Os socialdemócratas non están para dar vantaxes especiais a individuos ou grupos». Esta muller non é partidaria da discriminación positiva. Como ten chegado aquí? Non é só porque ela sexa unha moza formada, brillante e cun grande currículo. A explicación ten algo que ver coa política de integración. O exministro Hanssen explica: «Eu era o responsable da política de integración en Noruega. E buscaba un asesor político que tivese unha bagaxe distinta ao típico noruegués. Ela era un “tres nun”: brillante, xove e tiña esa bagaxe». ■

«Que hai de novo nos feminismos» foi o título que nomeou as Xornadas que Enma Casal organizou en xuño en Vigo e que se realizou na Casa das Mulleres. O obxectivo deste ciclo de relatorios era dar a coñecer as propostas dos movementos feministas, incluíndo cuestións non contempladas anteriormente como a campaña pola despatoloxización da transexualidade, a visibilización da intersexualidade, etc. Neste tipo de contidos reside a novidade á que fai referencia o título da actividade, as novas demandas da loita feminista que veñen a sumarse á loita en prol da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. ■



Dimitris Pappadimoulis, da coalición Syriza, denunciou que a cadea NET –televisión estatal grega– censurou unha secuencia dun capítulo de «Downton Abbey» –serie de época británica– na que Thomas Barrow bicaba –bico gay, socorro!!!– ao duque de Crowborough.

Non, de censura nada, respostaron á denuncia, suprimíuse por ser emitida en horario «aberto ás crianzas» –sempre a excusa dos nenos– e que a van emitir completa noutro horario.

Que mentes máis retortas! ■

O inicial cartaz anunciador

do Festigal 2012 desatou paixóns a conta da zombi relambendo o que acaba de papar. Distintas posicións saíron moi logo ao espazo público: quen viu nel apoloxía da violencia de xénero; quen pensa que está fóra da cultura galega e nada pinta tal estética para chamar á festa que duns anos aquí enche as tardes e noites do 24 e 25 de xullo no campus sur da cidade de Compostela; que o BNG non pode usar as modas que campan polo mundo porque ten outros obxectivos... Outras persoas fliparon, como viña sendo frecuente, cos cartaces do Festigal, por modernos e provocadores, capaces de «facer pum no ollo» que dicía Luís Seoane e de irromper cunha estética moi diferente na habitual iconografía no mundo do nacionalismo galego. Paixóns, que tiveron expresións nas redes sociais. Un medio, *Sermos Galicia*, alentou a polémica que seguramente interesou a ben pouca xente nos termos nos que saíu, cunha carta de Pilar García Negro, «Imaxes e significados», que recibiu algúns apoios e unha resposta de Paco Gallego, «Patria ou zombis!», lembrando ao coruñés Amando de Ossorio, realizador de prestixio internacional, quen, entre outras cualidades, foi o creador orixinal do subxénero dos «zombis templarios» para desbotar, sen máis, a idea de que isto dos zombis nada ten que ver con nós, con Galiza, coa nosa cultura.

No debate, dúas cousas:

Que é o que forma e conforma a nosa cultura? É algo estático? Nada que chegue doutro lugar ten cabida? Quen peneira e como o fai? Quen decide, finalmente, o que é de aquí e o que non é? Quen decide se vale para que o usemos como propio?

Parecía un debate xa pasado. Os estudos e investigacións de todo tipo xa nos fixeran conscientes de que somos unha mestizaxe de todo o que por aquí pasou, de todos os que tiveron que marchar e volveron con gustos, modas e cousas que antes deles, non eran de aquí,



pero que encontraron un chan tan fecundo que quedaron entre nós e para sempre e agora forman parte de nós e do noso.

Aí o millo, a pataca, o *reggae*, os montes comunais, a nosa lingua que vén do latín que trouxeron os romanos de Roma, os churrascos, ritmos afros que nos viñeron Atlántico arriba ou desde as costas de enfronte, a estrela vermella, o whisky, aires do flamenco...

Lembro aquel Risco queixoso das modas que penetraban cando el era un mocíño a respecto dos bailes que desprazaban a muiñeira, a ribeirana e outros, que era o que el propuña que se bailase nas festas no canto de «bailes agarrados de fóra».

A outra cousa que inflou o debate de lume foi a confusión da zombi cunha muller agredida polo terrorismo machista.

E que debate admite isto? Como as crenzas. Ti ves branco, eu vexo gris e non hai posibilidade de intercambiar opinión, de aproximar zonas comúns para o entendemento. Non pertence ao territorio do razoamento. Non vemos cos ollos, senón co cerebro, cos nosos cerebros, coas nosas pantasma,

a nosa sensibilidade e cultura e como ben di o refrán *non vemos o que non queremos ver*, por moito que alguén teime en que o fagamos.

Mágoa que a executiva do BNG paralizara a distribución do cartaz e o substituíse polo dos catro zombis, dous eles e dúas elas, que ocupou o lugar do inicial. Mágoa, porque non estaba nada mal esa imaxe de muller agresora, que xa abonda de presentar sempre as mulleres coma vítimas, dando por sentado que sabemos que un cartaz non pretende ser unha proposta para a imitación. Dicimos, porque igual alguén entende ou quere entender que desa idea de que non estaría mal usar de cando en vez imaxes de mulleres agresoras, propoñemos que as mulleres agredan. Non, non estamos nese tipo de posicións. Si para facer patente esa idea, tamén real e interesante, de que non somos vítimas, aínda que algunhas mulleres o sexan. ■

TINA naceu con Margaret Thatcher, esa pioneira feminista das mulleres rufas, fortes, arrichadas, decididas, valentes, con ambición e capacidade de execución, á que non moita xente no mundo lle houbo tusir. Ela bautizouna: «There is no alternative», TINA polas súas iniciais. Os seus sons foron difundidos por todas partes facén-

donos crer que non había outra e seguen teimudos con todos os seus medios de comunicación a tope emitindo TINA en todas as linguas.

Daquela, anos oitenta, o sociólogo francés Pierre Bourdieu con socarronería pediu que alguén fose buscar a TIA, «There is alternative» e nestas estamos, buscando TIA. ■

denuncias e comentarios

As respostas á enquisa de Adecco entre 400 directivas de diferentes empresas debuxan un panorama así de atractivo: 7 de cada 10 opinan que en España hai menos igualdade que noutros países europeos; 8,4 de cada 10 cren que pedir xornada reducida pode prexudicar a súa permanencia na empresa ou a promoción profesional; 5,3 de cada 10 padeceron discriminación laboral (salarial, promoción interna ou procesos de selección para outras empresas) polo feito de seren mulleres.

A respecto da discriminación salarial, 7 de cada 10 dixeron que existe na mesma categoría profesional –aínda que Adecco engade que baixou do 78,3 % ao 70 % desde o último inquérito–. Ben está sinalar os *avances imparables* que se producen, engadimos nós.

Das mulleres directivas preguntadas, o 75 % son nais e din todas elas que as medidas «para conciliar» aprovéitanas elas. Convén salientar que un 49 % destas nais sinala que os fillos non lles prexudicaron na súa carreira. Na cuestión das cotas e da discriminación positiva a afectación está máis dividida. Un 48 % considera que a medida axuda a promocionar e proxectar as mulleres que están preparadas e un 38 % opina que as cotas prexudican as mulleres preparadas porque pode entenderse que velan a súa valía.

Da crise? O 51 % opina que non atinxiu de igual xeito a un e outro sexo, e sobre o futuro, o 90 % cre que en dez anos España avanzará en materia de igualdade, porén haberá moito por facer, aínda, no mundo empresarial. ■

A transexualidade segue formando parte da lista de enfermidades mentais da OMS. Nesa lista estivo tamén a homosexualidade, até que se eliminou na revisión de 1990.

Agora a OMS está revisando de novo esa clasificación. Carla Antonelli, transexual que leva anos loitando polos dereitos das persoas como ela, pídenos que o digamos alto claro: «as persoas trans non son enfermas mentais». Cómpre que moitas persoas digamos á OMS que debe deixar de considerar a transexualidade como unha enfermidade mental.

Consideralas enfermas só serve para contribuír á súa discriminación.

O 20 de outubro celebrouse o Día Internacional de Acción pola Despatoloxización Trans. n. ■

Pásate á Copa de Lúa!

Quen tivese pillado este invento no seu tempo de menstruacións, de regras, para recoller o sangue así. Nada de compresas, de paños hixiénicos (ah, rapazas se vós soubesedes!)

É ecolóxica, non agrede o corpo e deixades aos fabricantes das compresas cun palmo de narices e aos subidores do IVE a un 21 % (artigo de luxo... víchedes que cousa?).

O dito, pasádevos á *copa de lúa*.

É unha copa menstrual reutilizable, fácil de usar –coma o tampón–, fabricada en suave silicona médica 100 % hipoalerxénica.



Unha vez introducida adáptase ás paredes vexinais recollendo o fluxo menstrual no canto de absorbêlo.

Existen desde 1930. As primeiras copas apareceron ao tempo que os tampóns e eran de plástico.

Co tempo mellorouse o deseño e os materiais evolucionaron pasando posteriormente ao látex e coa tecnoloxía actual á silicona médica.

Por que, preguntaredes, as copas son menos coñecidas que os tampóns sendo da mesma época?

Coas copas tes que explorar o teu corpo máis que cos tampóns e aínda que os tempos teñen cambiado, endebén, non está moi ben visto aínda que as mulleres anden *tocándose*, explorando, sabendo de si propias. Daquela, esta idea freou o seu consumo.

Son reutilizables. Só se precisa unha copa e anda polos 30 €. Podedes botar as contas. ■

O 35 % das persoas asalariadas cobra, en España, menos de 640 €/mes. Seguro que tamén viviron por riba das súas posibilidades! ■

FREE PUSSY RIOT





Pussy Riot é un colectivo ruso de punk-rock feminista, que pon en escena *performances* extemporáneas de provocación política sobre temas como a situación das mulleres en Rusia. Tiveron activa presenza en contra da campaña electoral do primeiro ministro Vladimir Putin á presidencia de Rusia.

O grupo ten diversas inspiracións, entre as que elas citan están o movemento dos noventa Riot grrrl. «Con elas temos en común a imprudencia, letras con carga política, a importancia do discurso feminista e una imaxe feminina non convencional», dixeron.

Nos comezos de 2012, durante un concerto improvisado e sen autorización na catedral de Cristo Salvador de Moscú, irromperon encapuchadas nunha zona restrinxida do altar da catedral, principal templo ortodoxo ruso. Coas guitarras eléctricas e en roupa interior cantaron e bailaron.

«Nai de Deus, bota a Putin», dicía a canción, na que acusaban ao patriarca da Igrexa ortodoxa rusa, Kiril, de crer no presidente de Rusia e non en Deus.

Tres mulleres da banda foron arrestadas e acusadas de vandalismo: Nadezhda Tolokonnikova, Yekaterina Samutsevich e Maria Aliojina. Outras dúas non puideron ser identificadas. Foron xulgadas e condeadas a dous anos de cárcere por seren culpables de «gamberrismo motivado por odio relixioso», segundo a sentenza da xuíza Marina Syrova. Segundo esta, cometeron «accións provocadoras e humillantes nun templo relixioso, que afectaron a un amplo círculo de crentes». «Non se consideran culpables, non se arrepiñen [...], califican as súas accións como unha expresión política de forma artística», dixo a xuíza a quen isto lle tivo que parecer o colmo.

Yekaterina Samutsevich declarou que se na catedral tivesen cantado «Nai de Deus, protexe a Putin» no canto de «bota a Putin» non terían sido enxuizadas.

Despertaron simpatías en todo o mundo e organizacións como Amnistía Internacional e outras de defensa dos dereitos humanos criticaron os malos tratos padecidos no tempo do seu arresto, así como o xuízo e mais a sentenza.

Na mesma praza do Obradoiro, en pleno mes de agosto, mozas da Rede Feminista, igualmente encapuchadas, penetraron na catedral de Santiago de Compostela e asomadas á solaina que dá á praza despregaron unha pancarta e animaron a turistada a solidarizarse coas Pussy Riot. É moi emocionante a intrépida acción que recolle o vídeo colgado no blogue de *Andaina*. Logo de todo, o Vaticano apoiou a Igrexa ortodoxa rusa.

As tres integrantes do grupo condenadas:

Maria Aliojina, 24 anos, estudante de cuarto ano de xornalismo en Moscú, voluntaria e activista con Greenpeace Rusia. Ten un fillo pequeno. Xogou duro no xuízo: repreguntando ás testemuñas e cuestionando agresivamente a natureza dos cargos e do procedemento.

Yekaterina Samutsevich, 30 anos, programadora interesada en colectivos LGBT, titulada en Fotografía e Multimedia. Ao xuízo acompañouna o seu avó Stanislav Samutsevich.

Nadezhda Tolokonnikova, 22 anos, estudante de Filosofía na Universidade Estatal de Moscú, cunha historia de activismo político co grupo de arte na rúa Voina. Ten unha filla de 4 anos. ■

denuncias e comentarios

Macho es mi novio..., unha campaña publicitaria de Coca-Cola con carteis e vídeos desenvolvida en Colombia e México abre a caixa dos tronos. No vídeo, unha voz en *off* pregúntase, «Hoxe, quen é o macho? O máis forte? O que non chora? O que sae con vinte mulleres á vez?... Non, macho é o que está na parella hai cinco anos, iso é un macho, é o que sae a correr en mallas, é o que acepta que outro home está máis galán ca el, é o que sabe os programas da lavadora, é o que se ergue ás catro da mañá a cambiar os cueiros [...], pero macho, macho, macho, verdadeiro macho é o que chega cunha Coca-Cola Light a unha festa e non lle importa o que digan os demais». Novo macho, «actitude lixeira». As voces e as imaxes no vídeo importan, claro. A empresa dixo que o anuncio quere cuestionar os estereotipos de xénero. Non sei que diredes vós. O debate, en México, estivo servido. ■



Camila Vallejo, nacida en Santiago de Chile o 28 de abril de 1988, licenciada en Xeografía e dirixente estudantil chilena é unha das voceiras e das principais líderes da mobilización de estudantes desenvolvida naquel país desde 2011. ■



Moitas, moitas queixas recibiu o Museu de Leopold en Viena, polos anuncios publicitarios da exposición «Homes espidos», que aborda o espido masculino na historia da arte.

Tres xogadores de fútbol en bolas e... fíxose o lío.

Pokorni non acaba de saír do seu pasmo. Asombra que no século XXI os xenitais masculinos á intemperie sulfuren a tantos sectores da sociedade –coa excusa dos nenos–, xa sabedes!

Así que cunha banda vermella *visten e tapan* as súas partes *reverendas*, para non escandalizar as suxas mentes desa sociedade de orde, puritana e hipócrita que se revolveu.

A exposición está aberta até xaneiro, así que, se a crise volo permite, igual é un atractivo engadido para ir visitar a cidade. ■

Malala Yousafzai, nacida en 1997 en Pakistán, no val do Swat, fronteira entre Pakistán e Afganistán, viña sendo unha coñecida activista, desde os seus 11 anos polo dereito das nenas á escolarización

O martes 9 de outubro, de volta á casa desde a súa esola de Mingora –que dirixe o seu pai, o poeta Ziauddin Yousafzai–, foi tiroteada por un comando talibán especializado en asasinatos importantes. Os talibáns din que tentaron matala por ignorar as súas advertencias e seguir combatendo –mesmo desde un blogue de alcance internacional– a prol da educación das nenas.

O Movemento talibán paquistaní, con vencellos a Al Qaeda, engadiu que tentará matar a Ziauddin por dirixir unha escola de rapazas. ■

denuncias e comentarios

«Feminista e nai»

Do artigo de Marta Dacosta en *Sermos Galiza* publicado o 10-08-2012, no debate sobre a crianza natural:

[...]

Lonxe dos anos de crianza, escoito agora falar do novo concepto de ecomaternidade, e debo confesar que a entrevista que escoitei a unha das súas defensoras nun medio de comunicación púxome os pelos de punta. Especialmente cando argumentou que estes momentos de crise son beneficiosos para esta nova doutrina. Ou sexa, que o fracaso laboral e a imposibilidade de contarmos as mulleres coa imprescindíbel independencia económica debe ser entendido como unha bendición? Porque así poderemos practicar unha maternidade mais natural? Mais a que lle chaman natural.

Defenden desde a ecomaternidade que as crianzas sexan atendidas na casa, preferibelmente polas súas nais. Parece entón que levar os nenos a escolas infantís non é natural. Iso é discutíbel. Primeiro porque as escolas infantís permiten a socialización dos nenos e nenas, frecuentar outras persoas diferentes dos seus pais, o que as/os axudará a relacionarse, para alén do plano estritamente educativo. [...]

Na ecomaternidade defenden tamén a lactación a demanda e volver aos cueiros de toda a vida, con matices. Con matices porque logo comprobamos que ao redor desta ecomaternidade se tece un novo mercado de produtos naturais (outra vez o mercantilismo). Cueiros de tea, mais que seguen levando un tisú para que as feces non se impregnen na tea e poidan ir á lavadora. Incribel que tenten convencerme de que iso é máis ecolóxico, tirar o tisú coas feces polo inodoro, no canto de os deitar no lixo. Non señora, o que pasa polo inodoro vai ao río ou ao mar e o que aforra en celulosa gástao en auga, a diferenza en canto á contaminación é irrelevante.

Despois de escoitar varios dos argumentos, considerei a sutileza coa que o patriarcado acaba por dominarnos (e cando digo patriarcado, digo capitalismo, ou neo-liberalismo se preferides). Nada mellor que apelar ao

natural e ao «eco» para convencernos ás mulleres de que a maternidade debe volver cara a atrás, ser un cometido esencialmente das nais que preferibelmente deberán quedar no fogar, reducindo así as responsabilidades das institucións. Deste xeito eliminar escolas infantís e os seus postos de traballo será tamén «natural», como «natural» será non atender as reivindicacións de incremento do permiso de maternidade e lactación, a creación de escolas infantís nos centros de traballo, a mellora dos permisos de paternidade, das excedencias por parentalidade, etc. Realmente, hai algo de reaccionario en todo isto. Unha estratexia do sistema, do poder, que adopta a terminoloxía que naceu para poñelo en evidencia e dándolle unha volta de parafuso acaba por usala no seu propio beneficio.

Nos parágrafos previos falei sempre de maternidade e de nais, a mantenta, porque eses foron os termos que quen explicou a ecomaternidade usou. Por que non se fala de parentalidade? Por que non mencionar os pais? Outra vez a maternidade é cousa das nais, que serán mellores nais, máis naturais, máis «eco» se se dedican a selo ao 100 %, renunciando aos pequenos espazos acadados despois de décadas de loita feminista. En relación con isto, a filósofa Elisabeth Badinter acaba por falar da maternidade como unha nova forma de escravitude para a muller. Outra vez culpábeis, a mellor maneira de controlarnos, non somos boas nais, non lles dedicamos bastante tempo aos fillos, non lles damos a teta cando choran, usamos cueiros de celulosa por non lavar os de tea, levámoslos á gardería para non atendelos nós mesmas. Mais quen é que di que é o que está ben e que é o que está mal, os mesmos que non queren ampliar os dereitos laborais das preñadas e das nais e os pais?

[...]. As nosas nais aprendéronnos unha lección esencial, formarnos para acadar un traballo que nos dera independencia económica. Foi incribel comprobar como até unha humilde traballadora da economía submerxida entendera ese principio feminista sen ter lido nunca a Rosalía de Castro ou Virginia Woolf. E estes discursos camiñan nesa dirección? Non, porque só axudan a que as nais traballadoras se sintan culpábeis de non seren nais perfectas, segundo ese concepto da perfección.

Este non é o debate. Non, porque aínda precisamos afortalar os pequenos logros acadados para as traballadoras e os traballadores: duración do permiso de paternidade, exercicio do dereito de lactación, algúns dos que sufriron xa os recortes da crise [...]. ■





ROSA BASSAVE

na memoria

Esta feminista compostelá coa que compartimos moitos momentos e espazos de loita faleceu o pasado mes de setembro, e queremos lembrar o seu percorrido militante e todo o que aportou no persoal e no político ao longo da súa vida. Lamentamos a súa perda e desde aquí enviamos todo o noso afecto para a súa familia e amizades. Sempre estarás con nosoutas, Rosa.

Reproducimos a continuación o texto «Rosa Bassave, libertaria galega» que publicou a CNT-Galiza o día do pasamento da sindicalista anarquista.



Fotogramas do documental *Asuntos internos* de Xoán Anleo e Uqui Permui

Con fondo pesar debemos informar de que o 11 de setembro falecía a compañeira Rosa Bassave Roibal, logo dunha vida enteira dedicada á loita contra a opresión e a dominación, contra o fascismo, o poder, o capital e o patriarcado, unha loita que traxeron por moitos camiños pero que a mantiveron sempre do lado que debía: ao lado da clase traballadora, das mulleres, dos febles, das persoas oprimidas, unha loita incansábel máis alá da persecución, a represión e tamén a enfermidade, unha loita que a inscribe na digna historia de loita da clase traballadora, da Galiza e, humildemente, do mundo.

Que a terra e o mar lle sexan leves.

Desde os dezaseis anos Rosa soubo o que era traballar, téndose empregado nunha fábrica de montaxes eléctricas da Coruña, a cidade da que era orixinaria. Traballou embarcada xunto co seu compañeiro Alberte de Esteban, con quen casou civilmente na altura de 1972, en pleno franquismo, e traballou en Londres e París.

Logo de volver a Compostela en 1973 milita na UPG (Unión do Pobo Galego) e forma parte da executiva da AN-PG e logo do BNPG (Bloque Nacio-

nal-Popular Galego), até que decide abandonalos en 1979 para militar definitivamente xa para toda a vida no movemento libertario. En 1979 fai parte da Federación Anarco-Comunista Galega e da redacción da revista *Arco da Vella*, unha das primeiras revistas do movemento libertario galego despois da morte de Franco e, sen dúbida, a de maior calidade tanto polo seu deseño como pola amplitude de temas tratados e a fondura da análise aplicada.

Fundou a cooperativa de reprografía 1846, e logo desde 1983 traballou na Universidade de Compostela, sendo nos últimos anos directora da biblioteca da Facultade de Matemáticas. Rosa foi unha das persoas participantes na refundación da CNT na cidade de Compostela no ano 1983, na que militaría incansabelmente. Foi Secretaria Xeral desta Federación Local nos anos 1990-1992 e 2001-2003, ademais de ter participado noutros cargos e de manterse permanentemente na militancia de base. Foi tamén Secretaria Xeral da Rexional da Galiza entre os anos 2004 e 2006.

Paralelamente á súa militancia anarcosindicalista non descoinou outras

Dedicouse con intensidade a propagar as ideas libertarias e feministas en múltiples conferencias e mítines ao longo dos anos

O paso de Rosa por este mundo rematou, pero ela pode dicir que viviu como desexou e que a súa vida valeu para moito

frontes de loita, como foron o feminismo, participando na refundación de Mulleres Libres en 1988 e logo na Marcha Mundial das Mulleres, ou a intervención cultural desde o Ateneo Libertario de Compostela, no que participaba destacadamente na redacción da revista *(A)narquista*. Dedicouse con intensidade a propagar as ideas libertarias e feministas en múltiples conferencias e mítines ao longo dos anos. Tivo tamén unha participación destacada nas reivindicacións da memoria histórica e na recuperación do coñecemento do pasado revolucionario da CNT.

O paso de Rosa por este mundo rematou, pero ela pode dicir que viviu como desexou e que a súa vida valeu para moito. Moitos compañeiros e compañeiras poden aseguralo. Estea onde estea, moitos manteremos a lembranza da súa vida e a súa loita. ■



Unha ollada cara as mulleres do carbón

E resignámonos a que este Goberno se ría de nosoutas á cara e que sempre saian rescatados os ricos? Porque seguro que as mulleres dos banqueiros que roubaron en Bankia teñen a súa despesa chea e pode que sexan máis ricas aínda que hai uns anos porque contan co apoio do Estado. E nosoutas? A comezar unha nova vida, sen saber onde e cun futuro tan negro como o noso apreciado carbón.

FOTOS: SONIA DAPONTE
TEXTO: ZÉLIA GARCÍA

A fotoxornalista Sonia Daponte achéganos esta galería de imaxes da súa autoría, na súa viaxe a terras asturianas durante os meses de xuño e xullo. Nestas fotografías, a reporteira galega visibiliza ás mulleres do carbón. Fillas, irmás ou compañeiras de mineiros tomaron tamén a palabra para amosar o sentido e a necesidade urxente da solidariedade nestes meses de loita pola supervivencia dun sector ferido de morte.

Nun conflito eminentemente masculino como é o da loita polo traballo nas zonas mineiras, nomeadamente en Asturias e León, as mulleres tiveron un papel protagonista en mobilizacións



O seu papel de altofalante das folgas, procurando alianzas, repartindo pasquíns, custoulles en moitas ocasións represión e enfrontamentos coa Garda Civil ou a Policía

Aquí están! Estas son, as mulleres do carbón!!

PLATAFORMA DE MULLERES MINEIRAS

cara ao Congreso ou ao Senado, onde foron trasladar as demandas dos seus.

Estas fotos pertencen a unha marcha nocturna con candeas, na primeira semana de xullo, do pozo El Fondón que rematou no pozo El Candín de Langreo, para apoiar aos mineiros que se atopaban pechados nos mesmos.

Non é a primeira vez que as mulleres do carbón teñen un papel protagonista nas mobilizacións mineiras, e xa en 1962 estas mulleres foron porta por porta mobilizando ás mulleres das comarcas mineiras para tecer resistencias. O seu papel de altofalante das folgas, procurando alianzas, repartindo pasquíns, custoulles en moitas ocasións

represión e enfrontamentos coa Garda Civil ou a Policía.

Un dos feitos máis coñecidos era o seu *rol* de sinalar aqueles que estaban a traizoar á loita mineira, e así enfrontábanse aos *esquiroles* botándolles millo aos pés, pola súa falta de valentía, conseguindo con estas accións que eses traballadores avergonzados por seren sinalados como galiñas, marchasen e non se incorporasen ao posto de traballo.

Hoxe coma onte, a importancia de estar xuntas, do apoio mutuo e da defensa do que é xusto continúa a ser máis que importante: imprescindible. ■



Presidentas. O valor simbólico das mulleres con poder*

NANINA SANTOS

Desde os comezos da *Querela das mulleres* (séculos XIV-XVII), debate documentado entre mulleres e homes acerca da natureza, o papel, lugar e o valor das mulleres na sociedade, comeza a pórse en cuestión a visión masculina da identidade feminina. De aí os intentos de responder á pregunta que é ser unha muller?

Comeza a pensarse *esta cousa* desde a propia experiencia (a propia existencia e a consciencia de si mesmas) de seres pensados a seres pensantes. De obxectos a suxeitos..., coa crítica do principio de autoridade vixente por identificación deste coa autoridade masculina.

Deste pensamento e desta crítica comezan a explicitarse a través do debate as dúas formas extremas de concibir o masculino e o feminino, o ser homes e ser mulleres e a relación entrambos. Unha de carácter esencialista: está nos xenes. Unha diferenza sexual natural e inmutable e outra de carácter histórico-social, racionalista, se se quer: as diferenzas de xénero están construídas social e culturalmente.

A loita das mulleres, e o feminismo dun xeito moi sobranceiro, desde entón reivindica dun xeito ou outro o acceso das mulleres ao saber lexitimado e ao uso do espazo público en todas as súas maneiras.

O poder público, exterior, social, político, económico..., o que ordena a vida das sociedades é masculino. Parece

* Intervención na Xornada «O futuro da paridade. A participación das mulleres en novos espazos do poder», organizada pola Fundación Galiza Sempre en Compostela, 23 de xuño de 2012.

**A crítica destas mulleres exerceuse boa parte
das veces cun substrato misóxino: alcumes, debuxos,
desprezos en tanto que mulleres, así como os tons que
se usan para descualificalas. Nisto, no substrato misóxino,
importa estar alerta, porque a crítica que se lles fai a elas
tamén se nos fai a nós, as mulleres, aquí si,
a todas as mulleres**

unha constante certamente xeneralizada nas máis diversas sociedades. Deixemos agora o tanto e o canto.

E... isto está sendo crebado (aínda escasamente) polas elites femininas que acceden ao poder ou a parcelas do mesmo.

Pero como di María Antonia García de León Álvarez¹

[...] trátase dunha ELITE DISCRIMINADA, un grupo dobremente illado: das elites masculinas e das masas femininas e dominado –por limitado a pequenas porcións de poder que a elite masculina cede a partir de presións insistentes–.

É unha denominación paradoxal.

Achegarnos a estas elites ten particular importancia:

► Porque estas mulleres son algún tipo de espello onde se reflicte o paradoxo, o feito raro que é a existencia de mulleres con poder manifesto.

► Porque forma parte do fenómeno do poder, fenómeno central nos nosos sistemas sociais estruturados desigualmente por clase, etnia, xénero...

► Porque se *o poder é masculino*, que fan estas señoras rompendo o código –ou os códigos– pre-existentes e sacando a cabeza sobre o lugar e a función de casa-esposa e nai?

Hai que indagar sobre canto poder teñen e se realmente o teñen e de que xeito chegan a formar parte do poder, por que vías chegan a formar parte das elites.

Ascenden, nun senso amplo, grazas ao feminismo, a loita das mulleres desde a *Querela*... Hoxe... desde a existencia das mulleres na vida social en

senso extenso. Non habería democracia que se vise lexitimada de non *incorporar* mulleres aquí e alí, en todas partes.

Elas reclaman as súas cotas nos repartos e esa é unha presión insistente (cede se se deixa de premer?). Contribúen poderosamente a romper a androcentricidade ou o que é o mesmo a crenza no principio *natural* da primacía da masculinidade que é algo perigoso e fundamental. Esta é unha cuestión relevante.

Outros aspectos aos que lle dar voltas:

► Constitúen un bo espello no que se mirar para as mulleres?

► Son pioneiras elas?

► Abren camiños para outras mulleres? Para todas as mulleres?

► Por que están illadas da masa feminina?

Rompen cos valores e os modelos recibidos da socialización previa. Valores e modelos que facían fincapé na dependencia, a fragilidade, a pasividade..., valores opostos, desde logo, aos imperativos de éxito no mundo público e tamén a autonomía intelectual. (Repárese nos alcumes: dama de ferro, de seda e aceiro...)

Con certeza terán que facer coexistir na súa vida cotiá dúas lóxicas: o mundo do público e o mundo privado. Espazos contrastantes e contrastados.

Pero... collamos o exemplo de Merkel ou Thatcher, mulleres con poder, a fronte de nacións poderosas que participaron (Thatcher), e participan (Merkel), moi activamente, na toma de decisións que empobreceron a masa das

súas sociedades –e as mulleres desa masa, polo tanto–. Mirarán esas mulleres empobrecidas a algunha destas dúas mulleres como pioneiras? Como un espello onde aprender a subverter os valores recibidos da socialización previa? Como mulleres que están contribuíndo a deconstruír a masculinidade imperante e imperativa? Poderán miralas con algunha sororidade? Que cousas en común ten esta mirada a estas dúas mulleres, ou a Christine Lagarde, directora do FMI, coa mirada que lle poden dedicar, por exemplo, a Rita Levi-Montalcini (Turín, Italia, 22 de abril de 1909, unha eminencia da fisioloxía e da neuroloxía e que acadou entre outros premios o Nobel de Fisioloxía e Medicina en 1986)?

A crítica destas mulleres (moi interesante desde tantos puntos de vista) exerceuse boa parte das veces cun substrato misóxino: alcumes, debuxos, desprezos en tanto que mulleres, así como os tons que se usan para descualificalas. Nisto, no substrato misóxino, importa estar alerta, porque a crítica que se lles fai a elas tamén se nos fai a nós, as mulleres, aquí si, a todas as mulleres. ■

¹ M.^a Antonia García de León Álvarez é socióloga e ensaísta. En 1994 publicou *Elites discriminadas: Sobre el poder de las mujeres*, Barcelona, Anthropos. En 2002, *Herederas y heridas*, Madrid, Cátedra, sobre as elites profesionais. En 2012, *Cabeza moderna, corazón patriarcal*, Barcelona, Anthropos.

Ardores patrios, efluvios masculinos!

Inflámanse e danse á cháchara. Puro ardor patrio pronto a vestir en tempos pretéritos. Idos xa? *Revenidos?* Así parece e para mostra, unhas poucas soflamas e os seus virís efluvios. Non lle din a moviola do tempo nin fun a hemeroteca. Son do presente, agora, *puritito* 2012.

P. SANTOS ARIAS

«A independencia de Catalunya? Por riba do meu cadáver e do doutros moitos militares». Así dicía o teniente coronel de infantería Francisco Alamán Castro o pasado 31 de agosto, «Non o terán fácil. Aínda que o león pareza durmido, que non provoquen demasiado o león, porque xa deu probas sobradas da súa ferocidade ao longo dos séculos. Esa gavilla é moi pouca cousa se se lle planta cara». Para el a situación actual é moi parecida á de 1936. Vedes?, un militar retirado dicindo estas cousas en medios de comunicación e non pasa nada. Mesmo el pediu a detención inmediata do alcalde de Sant Pere de Torrelló e dos seus concelleiros porque prevén aprobar unha moción na que reclaman ao Parlamento autonómico que declare unilateralmente a independencia de Cataluña.



Pola súa parte a Asociación de Militares Españoles (AME), integrada por antigos membros do Exército, ameazou ao presidente Artur Mas cun consello de guerra e advertiu aos que promovan a «fractura de España» que terán que responder diante dun tribunal militar acusados de «alta traición».

A voceira de UPyD, Rosa Díez, logo da manifestación do 11 de setembro, emprazaba o Goberno a suspender a autonomía de Catalunya se esta usaba o diñeiro do fondo de rescate autonómico «para financiar a secesión».



Alejo Vidal Quadras, vice-presidente do Parlamento Europeo e eurodiputado do PP (ao que lle presta mal viaxar en clase turista cando gasta cartos do erario público), tampouco ficaba man-

co e pedía a Mariano Rajoy que un xeneral de brigada, preferiblemente da Garda Civil, tomase o control dos Mossos de Esquadra para frear o proceso independentista.



Jaime Mayor Oreja, vicepresidente do Grupo Popular no Parlamento Europeo e vicesecretario xeral do PP en recente entrevista na COPE dixo, dirixíndose ao presidente Rajoy, que non se resigna a que o aborto sexa un dereito. Remitira antes unha mensaxe de apoio á Plataforma Aborto Cero, a quen expresaba que «hai moitos españois, moitos europeos que non nos resignamos coa idea de que o aborto sexa considerado un dereito, substituíndo e remprazando o dereito e o valor da vida».

A devandita plataforma, entre outras lindezas, editou un vídeo para promover a súa «Marcha por la Vida», no que amosa un embarazo claramente avanzado, acompañado por choros de bebés que *morren* a tiros.

Na páxina oficial da Moncloa (no apartado Consejo de Ministros/Referencias, nun espazo chamado Condecoraciones/Interior) podedes ler: «REAL DECRETO por el que se concede la Gran Cruz de la Orden del Mérito de la Guardia Civil a la Virgen del Pilar, Patrona del Cuerpo». Soubémolo pola columna de Manolo Saco en *eldiario.es* e aínda non acabou o pasmo. De que clase de país estamos falando?

José Manuel Castelao Bragaña, asesor de emprego e home de Feijooooooo, aos cinco días de ser nomeado por Fátima Báñez presidente do Consello de la Cidadanía Española no Exterior formulou, nunha reunión sobre educación dese organismo, un auténtico programa de comportamento cívico: «As leis son como as mulleres, están para violalas». Xa en 1988 (hai vinte e catro anos) o xornalista Luis Ángel

de la Viuda dixo: «A lei da televisión privada é coma as mulleres, está feita para ser violada». Algo semellante dixera no seu día Juan José Rosón, e non lembro se como gobernador Civil de Madrid (1976-1980) ou xa como ministro do interior (1980-1982). Montárase en ambos casos lío abondo e agora, vinte e catro ou trinta e catro anos despois, coma se todo fose igual e os tempos non mudaran, un cavernícola con cargos institucionais incluídos repite esa idea de que as mulleres... están para violalas. As explicacións coas que quixo enmendar, non enmendaron nada: «as miñas palabras foron mal interpretadas; foi nunha reunión privada; ás señoritas que me escoitaron pídolles un millón de veces perdón e se fai falta dous millóns de veces; son un admirador, educado, respectoso da muller...».



«A maternidade é o que fai ás mulleres auténticamente mulleres» (Alberto Ruiz Gallardón). Alguén cre que esta lindeza, por non dicir estupidez do Sr. ministro de Xustiza, merece un comentario? Que saberá ese señor de maternidade e de mulleres! ■

ESAS MULLERES!

ISAURA GRAÑA

Xa... as feministas teiman, unha vez e outra en que coas mulleres no poder o mundo irá mellor. Elas son máis empáticas cós seres que as rodean, teñen unha sensibilidade especial, unha intuición e unha intelixencia que as fai únicas.

Ah... esas mulleres, feministas incluídas!

En quen pensarán as feministas estas, en Cristina Cifuentes? Si, esa delegada do Goberno en Madrid que quere ser famosa en poucos días e airea nas ondas o que se lle ocorre... Asalto ao Congreso, modular a liberdade de manifestación para «racionalizar o uso do espazo público»... É avultada a súa carreira política ademais do seu labor universitario.

Deixarei agora a *legalísima práctica* de cobrar en negro as súas colabouras habituais e periódicas en Intereconomía (*El Gato al Agua, Más se perdió en Cuba*) nesa modalidade agachada de *cheques-regalo de El Corte Inglés* (ver Ana Burrieza, diario *El Aguijón*, 3-10-2012)... Cristina Cifuentes, muller madura, preparada, dilixente, experimentada, encargada de facer cumprir a lei.

Serán esas Cristina de Borbón, Ana Mato, Isabel Pantoja... mulleres que non sabían, non souberon, non se enteiraron do Jaguar no garaxe, o chalet-palacete en Barcelona ou os miles de euros que chegaban coma se se tratase do maná? Si, mulleres distraídas, ocupadas nas empatías, nas intuicións, nas sensibilidades; sen dúbida nos fillos, nos maridos, na estética e na *perlambétrica!*

Esperanza Aguirre, *pizpireta* aristócrata con aires de plebea, recentemente *retirada*. Entregada sen desmaio a privatizar TODOS os servizos públicos da



Pode que as feministas estas piquen máis alto e pensen naquela pioneira Margaret Thatcher, de infausta lembranza para calquera defensora dos servizos públicos de calidade, da igualdade de oportunidades, ou en Angela Merkel e Christine Lagarde, quizais?

súa comunidade, a controlar os medios de comunicación, como se de cousa propia se tratase (ouh, que gran televisión TeleMadrid!)

Ana Botella? Que linda lexionaria de Cristo! Dolores de Cospedal?, marabillosa con mantilla española no Corpus Christi de Toledo, a *súa* capital, ou en Roma coa súa santidad...

Pode que as feministas estas piquen máis alto e pensen naquela pioneira Margaret Thatcher, de infausta lembranza para calquera defensora dos servizos públicos de calidade, da igualdade de oportunidades, ou en Angela Merkel e Christine Lagarde, quizais?

En que mulleres pensarán? De que mulleres falarán... cando din que se elas gobernasen o mundo iría mellor?

Ah, xa, claro! A cousa é que elas non gobernan aínda... só están asomando

a cabeza, e, en realidade son un pouco floreiros. Teñen unha parte de poder cativa, están discriminadas desde logo. Non hai máis que ver as cúpulas empresariais, policiais, sindicais, de banqueiros, Tribunal Constitucional e Consejo General del Poder Judicial, Conferencia Episcopal, Bolsa de Madrid para se decatarse de que elas pintan pouco aquí e por aí fóra, aínda que estean Cristina Fernández, Dilma Rousseff, Ellen Johnson-Sirleaf, Mary Patricia McAleese e algunhas máis presidentas ou primeiras ministras.

Cando pinten, cando pinten de verdade... xa, xa veredes como si, como as feministas estas teñen razón e o mundo vai de *perlas*. Nunca mellor dito, de *perlas!* ■

Acaso nós non somos mulleres?!

[segunda parte]

HADRIANA ORDÓÑEZ OTERO*

No centro de Galicia, no Concello de Lalín, hai unha fábrica xigante onde man de obra feminina traballa arreo, sen descanso algún, producindo anualmente unha cantidade esaxeradamente numerosa de «folgos fechados en caixiñas de ferro». Estas logo son repartidas entre as asociacións de mulleres de todo o territorio galego e ábrense soamente por mulleres para consumir especificamente en asembleas, en manifestacións, na creación de artigos, na edición de revistas, na produción de



merchandising, no deseño de carteis, na organización de actos sociais, encontros de mulleres, en elaboración de material informativo e formativo, nas redes sociais... e un longuísimoo etcétera que non remataríamos nestas liñas, porque son moitos os lugares onde se consumen estas caixiñas.

* Psicóloga de ACADAR (Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia).

O momento no que se fixo fincapé noutro «eixe opresor» que non era o xénero, senón a raza, permitiu tamén converter o *tule invisible* da discriminación por razón de discapacidade en capacidade de traballo e defensa dos dereitos e necesidades das mulleres con discapacidade

«as mulleres se enfrontan a diversos obstáculos para conseguir a igualdade plena e a promoción, por motivos tales como a súa... discapacidade»

Ademais, sábese a nivel popular que existen outras seis fábricas moi pequenas (e mais outras innumerables), onde grupiños moi decentes de mulleres traballan tamén arreo, sen pausa, producindo anualmente unha cantidade moi digna do mesmo produto: «folgos fechados en caixiñas de ferro». Estas, logo, ábrese tamén soamente por mulleres que os invisten nos mesmos ámbitos que as anteriores (assembleas, manifestacións, artigos...). Elas teñen en común coas anteriores que tamén son mulleres. Mais, estas seis fábricas producen folgos que son investidos por mulleres con outras características ademais do xénero, como a discapacidade, a orientación sexual, o eido no que viven (rural/urbano), o nivel económico que teñen, a súa relixión, a súa raza, etc. Mais, a pesares dos centos de anos que a fábrica de Lalín leva traballando, na mesma produción, non son coñecidas estas outras seis. Porque, inexplicablemente, estas caixiñas de folgos fabricadas en concellos moi pequenos de Galicia só son vistas por mulleres que adquiriron no seu momento un par de «lentes interseccionais». Estas lentes foron patentadas hai montóns de anos por un conxunto de mulleres que sostían que as persoas temos características que poden funcionar como eixes de presión/discriminación (xénero, discapacidade, raza, orientación sexual...) e, por iso, deben ser visibilizadas todas elas, co cal estas lentes permiten ver as demais características que unha persoa pode ter ademais do seu xénero. Foi tan custosa a súa comercialización que aínda a día de hoxe boa parte da sociedade galega ten que traballar moi duramente para poder facerse cun exemplar. Polo que, para quen non as tivese adquirido, maxicamente esas caixiñas non serían de ferro, senón de *tule invisible*. Deste xeito, é de supoñer que na fábrica de Lalín todo o conxunto de mulleres que traballan, tanto producindo como investindo os folgos, non dispoñen aínda destas lentes, polo que os folgos investidos por centos e miles de mulleres con

outras características ademais do xénero quedarían sen ver.

Logo desta pequena fábula, trasladar que a realidade do día a día non se distancia moito da introdución deste artigo. Xa no 1851, a intelectual iletrada Sojourner Truth apuntaba o que sería outro dos eixes do discurso do feminismo negro, a deconstrución da categoría *universal* de muller (Davis, 1991). Pero ningunha delas foi visibilizada ata que desde o movemento negro os e as intelectuais afroamericanos/as fixérono nos anos sesenta.¹ Este foi o punto de análise para o comezo do movemento das mulleres con discapacidade.

O momento no que se fixo fincapé noutro «eixe opresor» que non era o xénero, senón a raza, permitiu tamén converter o *tule invisible* da discriminación por razón de discapacidade en capacidade de traballo e defensa dos dereitos e necesidades das mulleres con discapacidade. O movemento da discapacidade analizado co enfoque de xénero permítenos visibilizar dous momentos diferentes en canto ás súas causas e temporalización:

► Un, á volta das guerras mundiais (entre 1918 e 1945), cando miles de homes adquiren discapacidades sobre todo físicas derivadas dos combates. A ONU recolle na cronoloxía da discapacidade que a Secretaría das Nacións Unidas e o Consello Económico e Social son os principais órganos das Nacións Unidas encargados das cuestións relativas á discapacidade desde 1945 ata 1955, para a defensa e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade física.² Mais, nese intre non estaban recollido

¹ JABARDO VELASCO, Mercedes: *Desde el feminismo negro, una mirada al género y la inmigración*, en LILIANA SUÁREZ, EMMA MARTÍN e ROSALBA HERNÁNDEZ (COORDS.): *Feminismos en la antropología: Nuevas propuestas críticas*, San Sebastián, Ankulegui Antropología Elkartea, 2008.

² Sitio en internet: <http://www.un.org/spanish/esa/social/disabled/dis50y01.htm>

das nin visibilizadas nin a realidade nin as necesidades das mulleres con discapacidade.

► Dous, a cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada en Beijing do 4 ao 15 de setembro de 1995 (cincuenta anos máis tarde que o comezo do movemento dos homes con discapacidade), centra a súa atención en cuestións de xénero incluídas no plan xeral de desenvolvemento. Os aspectos relativos á discapacidade abórdanse na *Declaración e Plataforma de Acción de Beijing*, que recoñece que «as mulleres se enfrontan a diversos obstáculos para conseguir a igualdade plena e a promoción, por motivos tales como a súa... discapacidade».

Todo este conxunto de referencias históricas e teóricas lévannos a Panxón (Pontevedra). Lugar no que este ano ACADAR participou nun Encontro Nacional de Mulleres³ onde tivemos o pracer de presentar tanto a finalidade da entidade como as accións que levamos a cabo neste ano 2012 ante un conxunto de diversas asociacións de mulleres, mulleres a título individual, profesionais de distintos eidos, comisións de igualdade de asociacións de veciñanza, políticas, xornalistas... A presentación, xunto cos dous días de convivencia e participación nas distintas actividades programadas, fíxonos experimentar o sentimento de que moitas das entidades de mulleres compórtanse dentro de compartimentos estanco, dentro de caixiñas de folgos únicas, prototípicas, impermeables á diversidade.

Por este motivo, e porque o traballo que se leva a cabo en cada grupo de mulleres (formal ou informal) leva implícita unha cantidade innumerable de enerxía a investir en moitísimas persoas (mulleres e homes) que cren na necesidade de continuar traballando para botar abaixo os muros que cada

día exercen presión sobre as persoas, é preciso un chamamento desde este altofalante en forma da revista *Andaina*, que desde 1983 fai fincapé na opresión que as mulleres *vivimos* nas nosas casas, nos nosos traballos, nas nosas relacións de parella, nas nosas familias, nas nosas amizades... Porque somos fortes, porque somos centos de «fábricas investindo tempo e folgos», fagámolo dunha forma interseccional. Pois temos que sermos quen de comezar a ver tamén o traballo que se fai naquelas outras moitas entidades coas que compartimos un eixe, o feito de sermos mulleres (entre outros que se os visibilizamos, atoparemos).

Panxón é o lugar no que este ano ACADAR participou nun Encontro Nacional de Mulleres onde tivemos o pracer de presentar tanto a finalidade da entidade como as accións que levamos a cabo neste ano 2012 [...]



Porque somos fortes, porque somos centos de «fábricas investindo tempo e folgos», fagámolo dunha forma interseccional

³ Organizado pola Rede veciñal de mulleres contra os malos tratos de Vigo.

Así, ACADAR ten a finalidade última de defender e promover os dereitos das mulleres (con discapacidade) para que día a día, grazas ao traballo realizado conxuntamente coas propias mulleres, as súas familias, as comunidades onde viven...


Desde o nacemento de ACADAR no ano 2009 ata este mesmo ano, estase a traballar arreo en prol do empoderamento das mulleres con discapacidade. Para iso, continuamos na prevención das diversas manifestacións de violencia contra as mulleres con discapacidade nos seguintes conxuntos de persoas: o equipo de profesionais da Administración pública e local, o persoal técnico doutras entidades do Movemento Asociativo do Terceiro Sector, as familias das persoas con discapacidade e as mulleres con discapacidade residentes en distintos puntos de Galicia, preferentemente no rural. Previmos a través da formación específica en xénero, discapacidade e violencia contra as mulleres,

aportando así, un enfoque interseccional á finalidade da prevención da violencia e a visibilización da realidade das mulleres con discapacidade.

Estes obxectivos foron alcanzados a través da participación de ACADAR este ano no Programa «Violencia: Tolerancia cero» (financiado pola Obra Social La Caixa). Ademais disto, continuamos centrándonos no traballo ao redor da educación en afectividade e autoconhecimento das mulleres con discapacidade, na visibilización da realidade/necesidades das mulleres con discapacidade a través da participación en múltiples espazos (xornadas, foros, debates, radio, prensa en soporte papel/dixital, televisión, redes sociais, encontros...).

Así, ACADAR ten a finalidade última de defender e promover os dereitos das mulleres (con discapacidade) para que día a día, grazas ao traballo realizado conxuntamente coas propias mulleres, as súas familias, as comunidades onde viven... poidan chegar a ser quen lideren dunha forma única e irrepetible a súa propia vida.

Deixarán de vernos e tratarnos como *mulleres manteiga* e comezaremos a visibilizarnos persoal e socialmente como *mulleres de ferro*, *mulleres con capacidades*. É unha cuestión de sororidade que as mulleres comeceamos a crer nas nosas posibilidades, nas nosas fortalezas, nas nosas metas de vida, nas nosas necesidades... para acadar a igualdade real e efectiva entre as persoas. Está na nosa man traballarmos todas conxuntamente, producindo «caixiñas de folgos universais» que logo serán investidos e gozados por todas as mulleres galegas e do mundo. Acurtemos o camiño. ■





Unha volta atrás de trinta anos

CELIA BALBOA

A defensa do dereito ao aborto fundaméntase nun principio ético: o dereito das mulleres a decidir e no respecto á súa capacidade moral para ter e emitir os seus propios xuízos, para tomar decisións e actuar en consecuencia, e entre esas decisións, unha das máis importantes, a maternidade.

Partindo dese principio de autonomía, que debe ser invulnerable, podemos afondar nas causas polas que unha muller poder decidir interromper o embarazo: riscos para a súa propia saúde, situación económica, cambio de condicións de vida ou relacións sentimentais..., en definitiva, as causas que poden influír no seu proxecto de vida. Pero o respecto debe chegar a todas elas, porque ese é o significado da liberdade das mulleres para elixir.

E o Estado ten a obriga de respectar esa liberdade, cunha única intervención: impedir que terceiros violen ou interveñan no exercicio do seu dereito.

Pero isto, que parece tan obvio e tan sinxelo, foi unha das batallas históricas do Movemento Feminista e aínda hoxe, case corenta anos despois do inicio da democracia, o aborto segue a estar dentro do Código Penal e recentemente o ministro de Xustiza, Alberto Ruiz Gallardón, pretende negar ese dereito e restrinxir outra vez a liberdade das mulleres e a súa capacidade de decisión, anunciando unha reforma que supón un retroceso de trinta anos. Todo isto coa bendición dos fundamentalismos relixiosos, entre eles especialmente o católico, que sempre manifestaron unha reacción especialmente violenta

contraria a este dereito; non en van, a súa proposta moral parte do sometemento das mulleres aos varóns e da afirmación do destino natural destas na maternidade e na familia.

Constatamos que o dereito ao aborto foi unha das primeiras reivindicacións do Movemento Feminista. Xa nos anos 1976 e 1977 as organizacións feministas do Estado español saíron en defensa das 11 mulleres de Basauri que daquela estaban procesadas por cometer delito de aborto. Era o denominado proceso das «11 de Bilbao»: mulleres obreiras, todas en situación económica moi precaria, algunhas casadas... A presión na rúa foi tal que se conseguiu que na sentenza se lles aplicase a atenuante de estado de necesidade. Posteriormente, no ano 1983 concedéuselles o indulto.



A principios dos anos oitenta a reivindicación do dereito ao aborto foi fundamental para as organizacións feministas; as manifestacións na rúa eran constantes, así como as denuncias das peregrinacións das mulleres a Londres para facer abortos, etc. Coa chegada do PSOE ao goberno, aprobouse a Lei 9/1985 que reformou o Código Penal e despenalizou o aborto en tres supostos:

1º. Que sexa necesario para evitar un grave risco para a vida ou a saúde física ou psíquica da embarazada e así conste nun ditame emitido con anterioridade á intervención por un médico da especialidade correspondente, distinto daquel por quen ou baixo cuxa dirección se practique o aborto. En caso de urxencia ou risco vital para a xestante, poderá prescindirse do ditame e do consentimento expreso.

2º. Que o embarazo sexa consecuencia dun feito constitutivo de delito

de violación do artigo 429, sempre que o aborto se practique dentro das doce primeiras semanas de xestación e que o mencionado feito fose denunciado.

3º. Que se presuma que o feto haberá de nacer con graves taras físicas ou psíquicas, sempre que o aborto se practique dentro das vinte e dúas primeiras semanas da xestación e que o ditame, expresado con anterioridade á práctica do aborto, sexa emitido por dous especialistas do centro ou establecemento sanitario, público ou privado, acreditado ao efecto, e distintos daquel por quen ou baixo cuxa dirección se practique o aborto.

Como se observa, esta lei establecía que para abortar era necesario un motivo: saúde da muller, malformación fetal ou violación e ademais establecía uns límites: vinte e dúas semanas en caso de malformación fetal, doce en caso de

violación e sen prazo no caso da saúde materna. Ademais admitiuse á obxección de conciencia para os médicos.

Esta lei foi criticada, tanto polos sectores conservadores, como polos progresistas. Dende o feminismo temos criticado fundamentalmente a *pacatería* desta regulación, primeiro porque mantiña o aborto dentro do Código Penal e non se garantía como un dereito da muller, denunciábase igualmente o abuso e a hipocrísia da denominada obxección de conciencia dos médicos que, na práctica, deu lugar a que só o 2 % dos abortos se practicasen en hospitais públicos. Non obstante, podemos pensar que esa reforma era filla da mentalidade da época, pero non deixa de ser certo que estivo en vigor vinte e cinco anos e, con limitacións, grazas á ampla interpretación que permitía a expresión «benestar físico ou psíquico», contribuíu a normalizar socialmente unha cuestión moi polémica.



Constatamos que o dereito ao aborto foi unha das primeiras reivindicacións do Movemento Feminista

[...] o aborto segue a estar dentro do Código Penal e recentemente o ministro de Xustiza, Alberto Ruiz Gallardón, pretende negar ese dereito e restrinxir outra vez a liberdade das mulleres e a súa capacidade de decisión [...]

O goberno Aznar non modificou en nada a regulación legal e coa volta do PSOE ao goberno e logo dunha importante reacción de grupos conservadores e da Igrexa católica –denuncias a clínicas que practicaban abortos, xuízos, etc.–, acometeuse unha nova reforma que culminou coa aprobación da Lei 2/2010 de Saúde sexual e reprodutiva e da Interrupción voluntaria do embarazo.

Esta reforma, aínda hoxe en vigor, impuxo algúns cambios positivos: esencialmente, o recoñecemento da interrupción voluntaria do embarazo a petición da muller dentro das primeiras catorce semanas de xestación: Así:

► Poderá interromperse o embarazo dentro das primeiras catorce semanas de xestación a petición da embarazada, sempre que concorran os requisitos seguintes:

a) Que se informe á muller embarazada sobre os dereitos, presta-

cións e axudas públicas de apoio á maternidade,

b) Que transcorra un prazo de, ao menos tres días, dende a información mencionada anteriormente e á realización da intervención.

É dicir, por primeira vez, recoñécese que as mulleres poden abortar dentro das catorce primeiras semanas sen ter que indicar a causa. Irrompe na nosa lexislación a denominada regulación de prazos, sen alegar causa. Este sistema de prazos é o existente en practicamente todos os países europeos, se ben é Holanda o único que permite o prazo máis amplo de vinte e catro semanas, fronte a Portugal ou Turquía, onde o prazo se establece nas dez primeiras semanas.

Con todo, esta regulación non deixa de ser mesquiña e hipócrita: por que dentro das catorce primeiras semanas e non dentro das dezoito, como noutros países europeos?, ou por que non den-

tro das vinte e dúas? A Organización Mundial da Saúde indica que o feto non é viable, é dicir, non pode vivir desprendido do seo materno antes das vinte e cinco primeiras semanas. Ademais segue a someterse ás mulleres a tutela: informe sobre dereitos e prestacións, posibilidade de adopción, tres días para pensar a súa decisión... Ningunha outra decisión médica impón tres días de reflexión.

A reforma segue a manter igualmente a interrupción por causas médicas, sempre que exista grave risco para a saúde da embarazada e non se superen as vinte e dúas semanas de xestación. Con ese mesmo prazo, sempre que exista grave risco de anomalías no feto e sen prazo, cando se detecte no feto unha enfermidade extremadamente grave ou incurable ou as súas anomalías sexan incompatibles coa vida.

Esta reforma introduce tamén un aspecto polémico: o consentimento no



caso de mulleres de 16 e 17 anos. Recoñécese que para estas mulleres o consentimento soamente lles corresponde a elas, se ben debe informarse polo menos a un representante legal, pai ou nai, da súa decisión. Pode prescindirse desta información cando a menor alegue que se pode provocar un grave conflito familiar, violencia, ameazas, coaccións malos tratos ou desamparo.

Todos os casos de interrupción voluntaria de embarazo deben levarse a cabo nun centro sanitario, público ou privado acreditado.

Pois ben, por primeira vez o futuro non promete seguir avanzando para conseguir por fin o recoñecemento do aborto como un dereito das mulleres. O Sr. Alberto Ruiz Gallardón apresúrase a anunciar unha nova reforma: indica que a lei de prazos vulnera a Constitución e desprotexe ao concibido, porque non cumpriu determinadas semanas, e propón volver a unha lei de supostos,

onde soamente un risco grave para a saúde da nai pode amparar un aborto. Igualmente anuncia que se pode eliminar a malformación do feto, en determinados casos, como causa de aborto e isto en base a determinados convenios internacionais sobre persoas con discapacidade ratificados por España. Tamén, e nisto foi tallante o Sr. ministro, elimina o consentimento das mulleres menores de idade.

En definitiva, a reforma que se pretende supón un importante retroceso, supón volver a entender o aborto non como un dereito das mulleres, senón como un delito grave. Supón volver á lei de supostos, polo que se anuncian moi restrictivos, supón volver a negarlles ás mulleres a capacidade e a decisión. Custa crer que esta xente sexa tan perversa, que non recorde os abortos clandestinos, as mulleres mortas, o sufrimento, o medo. Custa crelo dende o punto de vista ético e humano, mais

certamente hai algo que sorprende nestes ministros do PP: parécense a seus pais. Rodrigo Rato emula o seu, quebrando bancos e presuntamente cometendo delitos financeiros; Alberto Ruiz Gallardón nunca ocultou a admiración que sentía polo seu pai e don José María era un home de moral lasa e comprensiva de certas debilidades, mais o aborto sempre lle pareceu un pecado mortal, sempre lle sacou o xenio á defensa do *nasciturus* –que non dos nacidos– e chegou a dicir que esa defensa era unha das razóns da súa vida. É evidente que nisto do respecto ás mulleres Alberto herdou os xenes do seu pai xunto a certas tendencias ultracatólicas. Lembren, señoras, aquel suposto comentario que Ruiz Gallardón sénior dixo sobre o xúnior: «a xente di que eu son de dereitas, pero o que de verdade é de dereitas é o meu fillo».

A Igrexa, máis feliz ca nunca, bendice o Sr. ministro. ■

MAI INSUA

—Cuando era adolescente me ponía las camisas de mi padre, las cogía de su armario y me las ponía para ir al instituto. ¡No tenía ni idea de cómo se vestía una lesbiana!

—¡Yo hacía lo mismo! ¡Eras tú mi lesbiana al otro lado del espejo!

Esta conversa tívena con 25 anos. Agora teño 26, e como entón, recoñézome lésbica e feminista dende que teño *uso de razón* —que será iso...?—. O de *feminista* lévoo escoitando para referirse a min dende que son pequena, e nin sequera sei cando comecei a automearme así. Recoñecinme sempre nesta identidade. O de *lesbiana* tamén estivo sempre en min, pero non sabía que podía collelo e automearme. Entre o meu lesbianismo e eu ao comezo había un ruído que se mesturaba coa certeza, e ás veces, había baleiro. Entre @s demais e o meu lesbianismo, unha desmesurada e estrondosa nada, que gardaba recunchos e arrecendos de



Ilustración: Terry Moore, *Strangers in the Paradise*

Imaxinario lesbiano: Ao outro lado do espello

algo que pasa lonxe e é perverso, noxento, e prohibido.

Non ter palabras para isto que sentes e inunda todo de ti provoca moita inqueda e confusión. Non están as palabras, nin hai contido na parte do cerebro que alberga as existencias. No lugar de *isto é posible* ou *isto existe*, hai un neon vermello que brilla intermitente en grande: *que é isto?* O cerebro dá contra a parede. E tamén as posibilidades.

A primeira vez que puideren ter a imaxe de que bicar a unha muller nos beizos con amor e desexo era posible, foi aos 12 anos. Isto é como unha carta en branco con espello que che manda o patriarcado –logo aprendes que ata podes aproveitar a follá para escribir, e o espello para xogar cos raios de sol, mirarte a vulva...-. A partir do descubrimento, puideren ter tamén outra ollada sobre o meu pasado –pequeniño pasado–: a amiga coa que quería estar todo o tempo e camiñar collidas da man; a felicidade dos xogos e fantasías con esa prima que quería tanto, tanto...; a capacidade de empatía coas protagonistas de series, filmes e programas; os roces despistados das outras, que eran como taparse cunha manta cando comeza o frío; ese «mamá, eu cando sexa grande vou vivir nunha comuna de mulleres»; esa forma de vestir, de andar, de ser... de estar no mundo... Unha longa tira de fotogramas e flashes. Tamén puideren ter outra ollada sobre o meu presente, e o meu futuro: *podía* fantasiar cunha muller, *podía* soñar con ela nos bicos, no amor... *Podía* poñerlle nome a isto sen nome que sentía; *podía* imaxinarme nunha relación, no sexo... E *podía* comezar a *ver* de formas diferentes o que estaba a vivir, e con quen. Abrírase o mundo.

Imaxina que tes 12 anos e que coa túa cabeciña de nena fuches construíndo quen es ti, que lugar ocupas, como vai isto de ser muller e habitar este corpo, como vai o de ter este corpo e aprendelo, experimentar con el, relacionarte a través del; que pode ser a afectividade, o amor, ligar, o sexo... Como será o teu primeiro bico, e con

quen, como serán as túas historias de amor... E que agora aos poucos comeza a ter outro sentido –comeza a ter sentido, en realidade– e a maioría destas construcións xa non che valen...

Tampouco che vale o que viviches ata agora, porque a experiencia é confusa –estás en plena reinterpretación– e as fontes de onde se saca esta información tamén o son: os contos, as historias de Disney, as familias, os filmes que ves coas túas amigas no cine, os seus amores pre-adolescentes, os tests das revistas que comprades xuntas, e nos que a ti non che vale ningunha opción –nin ningunha das informacións sobre como ligar, como foder e como ter unha cita perfecta–, a publicidade, o que ves cando saes á rúa, a música, os libros, a roupa, a historia da humanidade como cha ensinan na escola, a escola, as posibilidades do teu autoconocemento, e da túa imaxinación... Porque: 1) ou es unha muller á que lle gustan os homes, ou 2) es un home ao que lle

gustan as mulleres. Entón, se gustas das mulleres... tes que ser algo parecido a un home? Non, que ti es unha muller... unha muller distinta ás que coñeces, pero unha muller, algo así como unha opción 3) de *muller á que lle gustan as mulleres*. E aquí en son ambiental, ademais de *iso é perverso, noxento, e prohibido*, escóitase algo semellante a unha porta que se cerra. Benvinda ao baleiro, pequena bollera.

Que construírse así, é toda unha historia de resistencia e creatividade, non te creas: muller feminista en mundo feminicida, cun plus de lesbiana no heteropatriarcado. Que escaseza de aliadas e referentes para tanto sistema!

E aí vas ti, polo mundo adiante, sen verte reflectida no mundo, e sen que o mundo te vexa, porque sobre ti colocan unha segunda pel de burbulla con pouco osíxeno que pon: «hetero». E que non te vexan é moi asfixiante, e canso, e que te saquen e te metan en armarios permanentemente tamén.

A partir do descubrimento, puideren ter tamén outra ollada sobre o meu pasado –pequeniño pasado–: a amiga coa que quería estar todo o tempo e camiñar collidas da man; a felicidade dos xogos e fantasías con esa prima que quería tanto, tanto...



Ilustración do cómic *Danielle Baptiste*

Porque os armarios son sociais, non persoais. O persoal está en se, ademais de que existan sobre ti, decides incorporalos á túa vida, e onde; pero a súa existencia reside na presunción de heterosexualidade universal, non na túa historia persoal.

Así que con menos osíxeno tes que construírte lésbica, preguntándote que é iso, e como se fai. Ao tempo, tes que ir defendéndote e reafirmándote ante @s demais, con todas as inseguridades que implica estar en construción incerta; tes que combater a misoxinia, a homofobia, e dentro dela, a lesbofobia –a que che afecta directamente e a xeral–; tes que buscar e rebuscar para encontrar aliadas e referentes; tes que inventarte un alma –que xa se sabe que as mulleres non a temos– e unha existencia –a lesbiana–; tes que explorar o amor e o sexo... E caer aquí infinitas veces polo baleiro (e ao baleiro xa lle vas pillando o truco, e moitas das caídas teñen son de gargallada repoluda). E cando vas facéndolle buratiños á burbulla, téndote tenrura, caendo un pouco menos, debuxando cos dedos descalzos e camiñando polos debuxos, decátaste de que tras de ti vén un rotulador xigante que vai riscando(te). Que o de ser bollera xa se sabe *que normalmente vén*



dun problema cos homes, que, muller, non son todos iguais, por que non estás aberta a estar con algún? Ás veces tamén son etapas, formar unha familia é outra cousa... Oes, rubia, que eu non teño ciumes... No demais, dúas mulleres podemos estar espidas fodendo ou co corazón saíndosenos polos ollos de namoradas, que no fondo a nivel de recoñecemento seguiremos sendo amigas especiais. Ou se alguén nos chama parella, dende logo non será para tanto como unha relación, unha de verdade, nin a relación nin o que pase nela nin o final, se remata.

Polo camiño, tamén vas encontrando referentes e aliadas –que as buscaches, e elas a ti–, vas vivindo experiencias maravillosas, aprendendo a

Imaxina que estás fronte ao espello facéndote preguntas, existindo, resistindo, creando, e que do outro lado, soa un eco fermoso...

reaccionar, e a sentirte calma coa forma na que reaccionas. Vas enchendo baleiros de posibilidades –tamén nas persoas que te rodean–, enchendo a burbulla de cousas fermosas e botándoa a voar. Vas cruzándote e recoñecéndote con outras lésbicas, e regalándovos un sorriso.

Porque, imaxina o que é ter algunhas partes riscadas e outras moitas, moitísimas, por escribir; que o modelo de muller que sobrevoa a túa cabeza teña moitas máis fisuras que de costume, e deixe pasar tanta luz. Imaxina o mesmo para a forma na que se supón que tes que poñerte guapa, que tes que foder, que tes que sentir pracer ou namorarte ou ter relacións de parella/s –nas súas amplas formas–, que tes que relacionarte coas outras mulleres no cotián, e deconstruír e construír o teu rol de xénero dexenerado e desviado... Ou a forma na que tes que existir, en relación aos homes, ás mulleres, ao feminismo, a ti. Imaxina que feminismo e lesbianismo conflúan; poder ter como compañeira a unha compañeira; bicar sabendo que en cada un dos teus bicos hai unha revolución; poder crear sen tantos lastres, as culturas que te representan... Longos baleiros de posibilidades, longas tiras de fotogramas.

Imaxina que estás fronte ao espello facéndote preguntas, existindo, resistindo, creando, e que do outro lado, soa un eco fermoso...

Deléitate, e saboréao... E imaxina por ti mesma, que de seguro farás lindos debuxos cos pés, e chegarás a outros mundos posibles. ■



Ilustración: Julie Maroh, *El azul es un color cálido*



NAN GOLDIN

Foto(auto)grafía da ferida

LARA ROZADOS

Unha imaxe que fere a quen a mira: o autorretrato da propia ferida, da fenda da identidade. A fotógrafa Nan Goldin consegue, desde a dor da experiencia, crear unha imaxe icónica que nos revolve e sacode. Volvo aquí sobre un traballo académico co que se quixeron abordar os mecanismos que operan na fotografía para construír esta escrita do *eu*, desde unha perspectiva interartística, pensando na conexión entre os recursos da literatura e os das artes visuais, na identidade sexuada e nas posibilidades de re-construíla. Coma no relato autobiográfico, o autorretrato

serve para elaborar, a partir da propia experiencia vivida, un discurso propio con potencialidades revolucionarias: desde a investigación na propia individualidade pódese chegar á catarse colectiva.

A fotografía ábrenos dous camiños: por un lado, a posibilidade de rexistro relativamente fiel da realidade, de obter un documento do presente; polo outro, a creación artística e a elaboración dos signos, a partir da selección e composición desa realidade. Ese carácter documental, ou indicial, acudindo a Charles Sanders Peirce, da imaxe fotográfica

ten a compoñente de «verdade» que pode servirle á autora para se ver «desde fóra», autoexaminarse. Isto achega a posibilidade de que o autorretrato fotográfico teña, entre as súas funcións comunicativas, unha función autocognoscitiva: o distanciamento da fotógrafa con respecto a si mesma, a través da propia imaxe, igual que a construción dunha alteridade, como fan as crianzas no que Jacques Lacan chamou «o estadio do espello», forma parte do camiño da elaboración da identidade e do autoconhecimento, propio e da comunidade en que se vive.



Nan Goldin, fotografías da serie: *The Ballad of Sexual Dependency* e *Portfólio Cookie Mueller*

A fotografía ábrenos dous camiños: por un lado, a posibilidade de rexistro relativamente fiel da realidade, de obter un documento do presente; polo outro, a creación artística e a elaboración dos signos, a partir da selección e composición desa realidade

Á introspección do relato autobiográfico súmase aquí outro nivel narrativo, por así dicilo: o que achega a proba, a pegada ou vestixio do real. O escritor e fotógrafo Vitor Vaqueiro valoraba hai uns anos pórllle o nome (foto)(auto)(bio)(grafía) a un proxecto seu que precisamente quería afondar na biografía, persoal e do seu tempo, a través da escrita e a fotografía. Tomámoslle prestado o termo para aplicalo á obra de Nan Goldin. A obra desta fotógrafa (Washington, 1953-) constitúe un dos exemplos clave para entender esa capacidade de relatar a propia ex-

periencia a través da arte, e facer da súa vida relato. Ao tempo, pode facer o exercicio de observarse desde fóra e utilizar o autorretrato como mecanismo de catarse, de depuración individual e colectiva: a vivencia do sufrimento dunha xeración, marcada polo consumo de drogas e a aparición fulminante da SIDA, enfermidade demoladora na súa primeira década; a consciencia de establecer relacións de dependencia que acaban por xerar violencia, desde unha lúcida e crítica perspectiva feminista; ou, simplemente, a dor da propia existencia. Son as pantasma que poboan a vida de Nan Goldin e que consegue exorcizar a través da fotografía.

Imos afondar na fotografía *Nan one month after being battered* (*Nan un mes despois de ser golpeada*), do ano 1984, que formou parte do seu traballo *The ballad of sexual dependency*, que escollimos por representar un autorretrato icónico, en que a artista mira desde fóra a súa propia individualidade para tratar cuestións colectivas (a violencia patriarcal). Un tema socialmente complexo, que a artista consegue abordar a través desta *mise en je*, ou *posta en eu* catárquica.

A fotografía como pescuda do eu. Proximidade coa escrita autobiográfica

Atopamos certa conexión entre o xénero literario do diario e a autorrepresentación fotográfica: para moitas artistas, o autorretrato é unha forma de delimitar marcadores de transición nas súas vidas, sentimentos ou pensamentos concretos, revelar detalles privados da súa vida cotiá... Non sempre teñen por que ser verdade (na escrita autobiográfica hai tamén mecanismos de autoficción, incluso na escrita privada de diarios), pero estas fotografías «pódense ler como formas de terapia expresiva ou catarse a través da “autobiografía visual”». A respecto desta terapia, moit@s fotógraf@s traballaron co obxectivo de crear un rexistro visual da traxedia persoal ou o dos tempos

difíciles que atravesan, e son varias as experiencias relacionadas coa enfermidade na fotografía: o cancro na obra de Hannah Wilke ou a hospitalización de Helmut Newton ou, nun exemplo máis próximo, Alberto García-Alix e a fenda que supuxeron na súa vida a enfermidade hepática e o consecuente tratamento con interferón. Neste caso concreto daban a man literatura e fotografía, demostrando a concomitancia entre o relato autobiográfico e o autorretrato como formas de catarse.

A propia Nan Goldin conta, a respecto da práctica literaria do diario: «Levaba diarios desde que era pequena. A fotografía converteuse no meu diario visual». Así e todo, cando é interrogada a respecto desta práctica de escrita, contesta que non ten relación co que fotografa nin ten intención de unir diarios ás fotos nin publicalos: «Escribo para min e para ninguén máis. O meu desexo é queimalos inmediatamente antes da miña morte». Non ten problema en autorrepresentarse nunha fotografía escribindo no diario, pero, pola contra, existe esa escisión entre as súas dúas actividades (escrita e fotografía) e dúas esferas da súa vida (privada e pública), aínda que representan ao tempo a súa vontade documental, case arquivística, de rexistro da súa vida.

Tamén sinala a súa admiración por creadores do ámbito da literatura e do cine que traballaban co máis próximo, coa propia vida: «criticóuseme por ser narcisista, pero moitos artistas e escritores crearon a partir das súas propias vidas, amigos e amantes, desde Faulkner ata Cassavetes». Impórtalle a proximidade: de William Faulkner salienta a capacidade de escribir desde un lugar imaxinario, pero baseado no que el coñece ben, e sitúa esta perspectiva radicalmente á contra da fotografía documental tradicional, que non lle atrae para nada:

[...] xa cambiou, pero nos 70 todo eran fortes homes brancos a viaxaren á India e faceren pinturas exóticas de algo do que non tiñan nin idea. Sempre sentín que só tiña dereito a fotografar a miña propia tribo



Nan Goldin, *Bruce on top of french Chris*, 1979

ou xente [...] Nunca tiro fotos cun lente longo, sempre é curto e teño que achegarme á xente que fotografo.

Sitúase na total sinceridade de non querer contar nada que non sexa directamente vivido.

A respecto das concomitancias entre relato autobiográfico e a autoanálise, afirma Puertas Moya:

En todo acto autobiográfico encontramos un narcisismo implícito en la auto-observación que enaltece y ensalza los valores individuales que el autobiógrafo representa: para poder convertirse en objeto de observación, el sujeto procede a un desdoblamiento en el que se reflejan especularmente varios yoes escindidos y hasta cierto punto autónomos, que en su máxima expresión se convertirá en la otredad que el yo pasado (tal vez también el yo futuro podría ser el doble del autor en la autoficción) significa para el yo presente del narrador (1995: 44).

O mesmo autor emprega o símil dos movementos terrestres de translación e rotación para dar conta dos procedementos polos que transita o *eu* na escrita autobiográfica: a evolución, a ollada cara a fóra, e a introspección, a rotación arredor de si. Para este desdoblamento, esta observación desde fóra, a fotografía é unha arma que camiña da man da literatura. Este mesmo autor fala tamén das posibilidades terapéuticas da escrita:

El recurso a la escritura se interpreta así como un intento de salvación personal, que se transfigura en el proceso creativo,

taumátúrgico, capaz de sanar al enfermo mediante la extroversión de sus dolencias, su verbalización, la exorcizante traslación de los defectos y problemas autodetectados en los chivos expiatorios a que quedan reducidos ciertos personajes literarios. La palabra literaria extrae del cuerpo enfermo del escritor sus demonios interiores y depura catárficamente sus complejos y sus minusvalías al endiosarlo a la función divina por excelencia, la de crear, ordenar y designar un mundo sobre el que adquiere todos los derechos (1995: 89).

O corpo, campo de batalla

Por outra banda, hai innúmeros estudos sobre o corpo como ferramenta artística e dispositivo político, mesmo, particularmente en relación con nocións coma sexo (xénero e orientación sexual), raza ou clase. A relación do corpo humano co contexto histórico e espacial, coas condicións materiais da existencia, ten dado lugar a infinitas manifestacións artísticas. No caso de Goldin, veremos que este emprego do corpo chega a utilizar a propia imaxe como epítome do corpo social, para pasar do *eu* ao *nós*.

Desde o feminismo tense traballado este concepto do corpo como «campo de batalla», sentenza que saía nun cartel de Barbara Kruger do 89 (*Your body is a battle ground*). Outros exemplos contemporáneos a Goldin neste sentido son Hannah Wilke, que en *Intra-Venus* (1992-1993) documentou os efectos do tratamento contra o cancro



Nan Goldin, *Susan in the dune buggy*, 1976

sobre o seu corpo, pouco antes de morrer (vemos aquí de novo a función terapéutica da autoimaxe), os traballos de Adrien Piper sobre raza e xénero, a videocreadora feminista Martha Rosler ou os autorretratos de Cindy Sherman. Teresa Cabruja sinala o corpo feminino como «lugar estratéxico de poder e resistencia», e Meri Torras refírese a el como «encrucillada intertextual» entre a reprodución e a resistencia aos discursos de poder. Imos ver agora un exemplo paradigmático.

***Nan one month after being battered* (1984)**

Contexto de produción

Esta fotografía forma parte do proxecto que Nan Goldin emprendeu en 1978, con 25 anos, despois de trasladarse a Nova York (o ano anterior licenciárase en Belas Artes en Boston): *The ballad of sexual dependency*. A obra publicarase en 1986 e exporase ese mesmo ano na Galería Burden de Nova York. O ano seguinte leva o Photographic Book Prize of the Year, nos Rencontres internationales de la photographie d'Arles, e en 1993 a exposición viaxa a Europa.

Neste traballo investiga sobre a dependencia que se xera nas relacións de parella e ata que punto pode ser destrutiva. Ademais de traballar con moitas outras relacións entre amigos e xente próxima neses oito anos, chegando a

entrar na súa intimidade e captala con total sinceridade, é quen de investigarse a si mesma e a quen foi a súa parella durante tres anos, Brian. É capaz de elaborar da experiencia persoal un discurso político, a través da autoanálise: interesada nos roles de xénero desde sempre (un amigo díciálle que nacera cun corazón feminista), decatouse segundo facía o traballo do seu contido político:

[...] era sobre parellas, parellas felices. Pero para min ten que ver con como te podes facer sexualmente adicta a alguén, o que non ten absolutamente nada en común co amor. É sobre a violencia que implican as categorías entre homes e mulleres.

Nesta obra percorre e retrata matrimonios, felicidade, maternidade, pero tamén soidade, incomunicación e violencia.

Con Brian tivo unha relación entre 1981 e 1984, ano en que, despois da malleira á que fai referencia esta imaxe, lle puxo fin. Retrátalo varias veces, e no ano 1983 fai unha serie de fotografías, con disparador a distancia (non sabía como ían ser ata que as vía reveladas), dela e de Brian na cama, moi representativas do que foi a súa relación. A foto que escolleu como portada de *The ballad of sexual dependency*, onde sae deitada na cama, cunha mirada asustada, e Brian fumando de costas a ela, foi premonitoria. Este método do disparador a distancia ofrécelle a oportunidade

No caso de Goldin, veremos que este emprego do corpo chega a utilizar a propia imaxe como epítome do corpo social, para pasar do *eu* ao *nós*

***The ballad of sexual dependency* [...] Neste traballo investiga sobre a dependencia que se xera nas relacións de parella, e ata que punto pode ser destrutiva**

de autoanalizarse, conxelar instantes da súa relación que van ser determinantes e servir como índices ou pegadas desa violencia: material visual con valor testimonial ou documental.

Esta imaxe, que podemos considerar como *peche* do proceso anterior, pareceunos a propia para analizar a función de catarse, que actúa a través dela como individuo, pero representando o seu xénero. Converteuse xa nunha imaxe icónica, en que Nan Goldin fai de si mesma metonimia do sexo oprimido, de todas as mulleres. Desta obra podemos tirar unha serie de características que a dotan dese carácter icónico.

Distanciamiento

O exercicio brechtiano de «estrañamento» que fai Nan Goldin con esta fotografía queda manifesto xa no paratexto (coa súa función de ancoraxe, en termos barthesianos) que é o propio título: «Nan [falando de si en terceira persoa] un mes despois [establece xa certa distancia temporal cos feitos dos que a imaxe é síntoma, índice] de ser golpeada [a voz pasiva do verbo marca tamén distancia con respecto ao agresor: ela mesma, como suxeito paciente, vai ser o seu propio obxecto de estudo]. Tomar esta imaxe de si mesma é un exercicio de autoanálise. Como conta a respecto duns anos despois, en 1988, cando emprendeu unha cura de desintoxicación, «empecei daquela a fotogra-

farme para saber cal era o meu aspecto sen tomar droga, para atopar de novo o meu propio corpo». Vemos que a cámara sérvelle como prótese da propia mirada e da memoria, como reflexo especular, pero obxectivo, e a memoria para construír a identidade, como apunta Fontcuberta (1997: 56):

Tanto a nosa noción do real como a esencia da nosa identidade individual dependen da memoria. Non somos senón memoria. A fotografía, pois, é unha actividade fundamental para definirmos que abre unha dobre vía de ascese cara á autoafirmación e ao coñecemento.

Capta esa imaxe de si para non esquecer, para fixar.

Aprendín moi pronto que o o que vía na televisión non tiña nada que ver coa verdadeira vida. Quería conservar as pegadas [...] E esa necesidade implicaba que non podía separarme nunca da miña cámara e que tiña que deixar constancia de todo o que sucedía [...] Utilizaba a cámara coma se fose a miña memoria.

A este respecto, volvendo a Fontcuberta, atopamos en Goldin, como en moitos outros artistas, unha sorte de compulsión por documentalo todo, transgredindo a norma do que merece ser fotografado e o que non, como veremos no seguinte punto: «o remarkable esforzo dalgúns fotógrafos contemporáneos, como Nan Goldin, consiste precisamente en ampliar o protocolo do fotografiable», di Fontcuberta:

[...] estende o ámbito do álbum familiar, acollendo non só vodas senón tamén funerais, non só candeas de aniversario senón tamén malleiras e hematomas, non só amigos e amantes cando nos fan carantoñas cariñosas, senón tamén cando se drogan, mexan ou foden. Levada ao límite, esta actuación conduciríanos a un paradoxo de natureza borxiana [refírese Fontcuberta a «Funes, el memorioso», que forma parte das *Ficciones* (1944) de Jorge Luis Borges, o relato dun home que o lembra todo]: ter que fotografar sen concesións cada instante da existencia, para que absolutamente nada escape da voracidade da cámara.

O obxecto

A imaxe que Goldin capta non é agradable á vista: sitúa a quen mira a imaxe nun territorio liminal e fronteiro entre o que é aceptable e o que

non, e a quen é captada na imaxe, entre suxeito e obxecto, como explica Linda Nead:

[...] o que provoca a experiencia da abxección é o recoñecemento do individuo da imposibilidade dunha identidade estable e permanentemente fixada. Os obxectos que provocan abxeccións son aqueles que atravesan o umbral entre o interior e o exterior do corpo.

Tamén para Suárez Briones,

O obxecto é o dominio exterior do suxeito, aquilo que aínda non é ou xa non é suxeito, o seu fóra: zonas inhabitables ou invivibles da vida social cuxa existencia, non obstante, é imprescindible para a existencia do de dentro (do que existe dentro do socialmente aceptable ou dicible ou pensable) para a existencia do suxeito.

Os sinais de violencia evidenciados sobre a pel entran na orde do *obsceno*, etimoloxicamente, o que está «fóra de escena», e amosan o corpo (e a identidade) como lugar non seguro, inestable, vulnerable. Pero, por outra banda, no recoñecemento desta vulnerabilidade e a capacidade de mostración crúa e sen maquillaxes da mesma reside toda a súa forza expresiva, como veremos.

O desafío e o paradoxo

Como xa vimos no apartado anterior, á mostración da abxección hai que sumarlle certas condicións desta imaxe que actúan en contraposición co carácter de *obscenidade* que puidese ter: o primeiro plano, enmarcando só a cara, que aparece fortemente ilumina-

nada contrastando coa roupa escura; a frontalidade coa que Goldin mira á cámara, directa; a actitude facial que esta frontalidade e a súa seriedade lle confiren, desafiante e orgullosa; a posta en escena, nun contexto doméstico, íntimo e familiar, cunhas cortinas detrás e un moble, e, ao tempo, o coidado da aparencia propia, con xoias (falaremos máis adiante do simbolismo das perlas do colar), e a boca maquillada en vermello. Este coidado de si contrasta co que nos mostra, e nesta contraposición radica o valor de tomar esta imaxe, o recoñecemento, a catarse: a violencia de xénero é un tabú aínda hoxe, e quen a sofre tende a ocultala baixo capas de maquillaxe, lentes de sol ou outros artificios, como unha vergoña (como algo *obsceno*, precisamente), que entra no ámbito do privado (velaí a gran barreira social para superala). Goldin fai da violencia que sufriu un asunto público, bota luz (literalmente) sobre ela, faina visible, ao tempo que escolle para iso un interior seguro e doméstico. Un paradoxo que contribúe a crear o estrañamento.

O simbólico e o metarreflexivo

Despois da malleira de Brian, Nan estivo a piques de perder a visión do ollo esquerdo. Ao xa en por si traumático do feito, engádeselle a posibilidade da perda das facultades como fotógrafa. Que algo tan determinante da súa identidade como son a súa profesión e a súa

Autorretrato de Nan Goldin tras ser maltratada, 1984



arte estean en perigo, supón unha ruptura, unha auténtica fenda do *eu*, e lévaa á necesidade de *rescatar* a toda costa o ollo. De novo, usa a cámara como prótese para resgardar a memoria, e, nunha especie de exercicio metarreflexivo, como terceiro ollo.

De feito, o seu ollo esquerdo, aínda vermello e cos arredores morados, constitúe o *punctum* barthesiano da fotografía, o que fere a quen mira a imaxe. Dicia Barthes (1981: 27), «*punctum* é tamén pinchazo, buratiño, manchiña, pequeno corte e tamén casualidade. O *punctum* da foto é ese azar que nela me despunta, pero tamén magóame, púnzame», por oposición ao *studium*, que ten que ver co gusto e a cultura da época da imaxe. Curiosamente, tamén se lle chama *punctum* ao orificio do lacrimal. Nesta imaxe de Nan Goldin o *punctum* é á vez o da imaxe e o literal, o *lacrimalia punctum* físico dela. Goldin concita a atención sobre o seu ollo. Dálle a volta ao símbolo: se non pode ver, cando menos pode ser visto, e na ferida que causa esa visión radica o seu poder. Coma a ollada da Medusa, que petrifica a quen a mira. A respecto de que estea levando un colar de perlas, oculto parcialmente baixo o xersei, isto ten un forte carácter simbólico, descoñecemos se consciente ou fortuíto: considerábase que as perlas eran produto da entrada da luz nunha ostra, e nas culturas orientais representa a cristalización da luz, é o terceiro ollo de Buda e de Siva.

A obra de Nan Goldin constitúe un referente á hora de trazar un mapa do relato autobiográfico nas artes visuais. Consegue saltar da propia individualidade a problemáticas que afectan a unha colectividade cando se utiliza a si mesma para evidenciar os resultados máis terribles dun asunto sobre o que levaba anos investigando (e autoinvestigándose): a idea hexemónica do amor, a dependencia sexual e a violencia que xera. Ela utiliza a cámara non só como ferramenta de rexistro, senón tamén como apéndice case protésico, como unha tecnoloxía que lle permite prolongar a actividade da súa memoria, e mesmo dos seus ollos. ■

Materiais

BARTHES, Roland: *Camera Lucida: Reflections on Photography*, Nova York, Hill and Wang, 1981, p. 27.

—*Retórica de la imagen*, «<http://www.uruguaypiensa.org.uy/imgnoticias/833.pdf>»

BRIGHT, Susan: *Autofocus. The self portrait in contemporary photography*, Nova York, The Monacelli Press, 2010.

CABRUJA UBACH, Teresa: «Mentes inquietas. Cuerpos indisciplinados», en Meri TORRAS (coord.): *Corporizar el pensamiento: Escrituras y lecturas del cuerpo en la cultura occidental*, Pontevedra, Mirabel, 2006.

CASAS, Arturo: «O autor: un retorno controvertido», *Grial* (Vigo, Galaxia), núm. 165 (xaneiro, febreiro, marzo, 2005), tomo XLIII.

COOPER, J. C.: *Diccionario de símbolos*, trad. Enrique Góngora Padilla, Barcelona,

Gustavo Gili, 2007. Edición orixinal: *An illustrated encyclopaedia of traditional symbols*, London, Thames & Hudson Ltd., 1978.

COSTA, Guido: *Nan Goldin*, Londres, Phaidon, 2010.

FONTCUBERTA, Joan: *El beso de Judas: Fotografía y verdad*, Barcelona, Gustavo Gili, 1997.

GOLDIN, Nan: entrevistada por Adam Mazur e Paulina Skirgajllo-Krajewska «If I want to take a picture, I take it no matter what», <<http://fototapeta.art.pl/2003/ngie.php>>

KRIEF, Jean Pierre (dir.): *Nan Goldin*, 1999, documental realizado para a serie *Contacts*, dirixida por William KLEIN para a canle televisiva Arte (Francia).

NEAD, Lynda: *El desnudo femenino: Arte, obscenidad y sexualidad*, Madrid, Tecnos, 1998, citada por María RUIDO: «O corpo-lingua: Algunhas anotacións sobre a(s) identidade(s) máis alá do sistema sexoxénero», *A Trabe de Ouro* (Santiago de Compostela, Sotelo Blanco), núm. 41, tomo I, ano XI (xaneiro-febreiro-marzo do 2000).

PEIRCE, Charles: *La ciencia de la semiótica*, Bos Aires, Ediciones Nueva Visión, 1974.

PUERTAS MOYA, Francisco Ernesto: *Aproximación semiótica a los rasgos generales de la escritura autobiográfica*, Logroño, Universidad de La Rioja, 2004.

SUÁREZ BRIONES, Beatriz: «Queerizando a autoridade: Da morte do “autor” á súa resurrección posmoderna», *Grial* (Vigo, Galaxia), núm. 165, tomo XLIII (xaneiro, febreiro, marzo, 2005).

TORRAS, Meri: «Cuerpos, géneros, tecnoloxías», *Lectora: Revista de Dones i Textualitat*, núm. 10 (2004), p. 12.

TSCHINKEL, Paul: *Nan Goldin: In my life*, Nova York, Inner-Tube Video, 1997, vídeo onde entrevista a Nan Goldin, ao fio da retrospectiva do ano 1996 no Whitney Museum (comisariada por Elisabeth Sussmann, recolle vinte e cinco anos da súa vida en Nova York, Boston, Berlín, Tokyo...), «<http://youtu.be/KwDUWJAACqY>»

VAQUEIRO, Vitor: «Do hendecasilabo ao autorretrato», *Grial* (Vigo, Galaxia), núm. 165, tomo XLIII (xaneiro, febreiro, marzo, 2005).

O meu agradecemento a M.^a Ángeles Rodríguez Fontela, polo seminario «Literatura e artes visuais», e para Jose Valiño Taboada, pola súa moita axuda, e pola súa ollada.

Nan Goldin, *Amanda in the mirror*, Berlín, 1992



«O remarcable esforzo dalgúns fotógrafos contemporáneos, como Nan Goldin, consiste precisamente en ampliar o protocolo do fotografiable»



A educación, un elemento clave na loita pola conquista do espazo público

M.^a VICTORIA MARTINS RODRÍGUEZ

A loita polo dereito ao ensino para as mulleres debe contemplarse como un dos grandes fitos da nosa historia contemporánea. O ensino foi o motor que propiciou a chegada das luces da Ilustración á poboación, a medida que a cidadanía se ía incorporando ao sistema educativo.

A evolución da educación circula en paralelo á chegada da luz eléctrica, que se converterá nun eficaz medio para acadar a auténtica luz esencial, que non é outra que a da sabedoría. Tal é a importancia e a relevancia do ensino para o ser humano, e en particular para o home, que habería que escribir unha historia dos atrancos e das dificultades que este ten posto para que as mulleres accedesen ás aulas. Semella que na introdución de tales atrancos e impedimentos estaba a sobrevoar a idea de que o saber nos fai libres, de xeito que a ignorancia nos escraviza.

O acceso da muller ao ensino deu lugar a fortes debates sociais ao longo dos últimos cento cincuenta anos. En primeiro lugar, porque supuña o cuestionamento das teorías que sostían a incapacidade intelectual da muller e a súa escasa intelixencia, argumentada mesmo en base ó seu menor tamaño cerebral. En segundo lugar, pola capa-



O acceso da muller ao ensino deu lugar a fortes debates sociais ao longo dos últimos cento cincuenta anos

cidade socializadora que contén o feito educativo, non só polo significado do acto de recepción educativa dos coñecementos e das destrezas por parte dos e das docentes dentro dun espazo escolar, senón tamén polo significado simbólico do feito de ler, como un mecanismo intelectual e simbólico de acceso ao mundo real e virtual.

Admitidas certas capacidades do xénero feminino e aceptado un certo grao de socialización fóra do contorno doméstico, o debate ao redor do acceso da muller ao ensino centrárase en dúas cuestións fundamentais: ata onde e para que o ensino das mulleres. A cesión no permiso das mulleres ao ensino contiña o obxectivo de moldealas en principios e valores propios da familia tradicional, mantendo a súa función social, pero mellorando o seu adestramento para conseguir un mellor cumprimento das súas funcións no contorno privado e no social: o coidado do fogar e a formación das novas xeracións dentro dese espazo ou doutros que funcionaban como alongamento daquel. Con esta fin, creouse un currículo específico e particular para educar as nenas, currículo centrado nos labores propios do seu sexo, ao que se foron engadindo algunhas outras materias e actividades, se ben o máis importante non eran os contidos, senón a infiltración de valores morais que aseguraban

a construción dunha identidade feminina non discordante co sistema.

A relevancia outorgada ás mulleres no coidado e na formación dos demais era o motivo de que a profesión de mestra fose considerada a ideal para o seu sexo. Soamente o empeño dalgunhas pioneiras e visionarias conseguiría modificar e subverter o acceso das mulleres aos estudos superiores, non sen grandes obstáculos e en moitos casos con procesos e traxectorias colectivas ou persoais estigmatizadas en función de eleccións vocacionais *non recomendábeis*.

Esta sería a seguinte gran batalla das mulleres no acceso ao ensino: conseguir acceder á formación para acadar a súa realización persoal, formándose para si mesmas e polos seus propios intereses, e desenvolver a súa actividade profesional no contorno da esfera pública. Dúas cuestións de enorme calado que aínda hoxe permanecen sobre a mesa.

O período republicano (1936-1939), breve pero intenso desde o punto de vista educativo, tivo entre os seus grandes acertos a implantación do sistema de coeducación. Este sistema permitiu unha mellora no proceso de convivencia natural de ambos sexos nas aulas, potenciado tamén grazas á unificación dos currículos para os nenos e para as nenas. De feito, só rexistramos al-

gunhas diverxencias no que se refire á formación para o fogar, unha materia exclusiva para as nenas, que se mantería mesmo nese período.

O longo período franquista (1939-1975) retomaría os principios educativos máis tradicionais, de modo que se reocuparían as aulas escolares cos currículos que ían transformar de novo as cativas exclusivamente no prototipo de muller-esposa e muller-nai. O impacto social de tal sistema educativo permanece aínda no imaxinario de varias xeracións de galegas e galegos. De feito, o franquismo non prohibiría o acceso das mulleres aos estudos superiores, pero a estrutura social e política creada polo réxime ditatorial impediría a socialización activa e pública das mulleres, cando menos ata moi avanzados os anos sesenta. En realidade, varias das xeracións de mulleres aínda vivas e educadas no franquismo viron lastradas as súas capacidades de empoderamento público, porque tiveron que sufrir un tipo de ensino que as reducía para desenvolver exclusivamente destrezas afectivas ou habilidades de atención e coidado dos demais.

Coa chegada da democracia, a orde social creada ía permitir unha maior capacidade de transgresión por parte das mulleres, quen posúen máis posibilidades de modificar as relacións sociais, persoais e políticas. Con todo, a permanencia do dominio sexual androcéntrico e a vixencia da súa ideoloxía como hexemónica seguía relacionando e asociando esta ideoloxía co poder e co predominio dentro dos espazos públicos. A día de hoxe, a carreira do acceso aos estudos por parte das mulleres está ganada, pero seguimos loitando por un acceso igualitario ao espazo público. Isto significa participar na construción da sociedade e do mundo do que desexamos facer parte. É o actual gran reto das mulleres de hoxe. Para iso, non cabe dúbida que haberemos de empregar todo aquilo que varias xeracións de mulleres temos aprendido nas escolas e nos centros de estudo superior: as luces da Ilustración. ■

ANATOMY OF A PIN UP PHOTO:



Fotografía: Annie Sprinkle, Anatomy of a pin-up, 1991

ANNIE SPRINKLE

Feminismo porno postmoderno

RENATA OTERO

Annie Sprinkle é unha referente do feminismo pro-sexo: exprostituta, actriz, modelo, directora, fotógrafa, performer, educadora sexual, activista na loita contra a guerra de Iraq, contra a SIDA, a favor dos matrimonios homosexuais e dos dereitos das traballadoras do sexo, e convencida ecoloxista, entre moitas outras cousas. Para que a situemos correctamente, permitídemme facer unha breve introdución.

Desde os comezos do feminismo, sempre houbo distintas correntes ideolóxicas, algunhas opostas entre si. Con

respecto ao porno, desde o feminismo máis institucionalizado sempre se mostrou rexeitamento, porque entende que a muller nel é tomada como simple obxecto de consumo rápido e dá unha imaxe moi limitada da sexualidade e do pracer feminino.

Aceptando algún destes termos, pero avogando pola liberdade, xurde nos finais dos setenta unha corrente oposta de feministas que reivindican o porno como un espazo onde poder transgredir as normas do patriarcado, para experimentar e gozar do pracer saltándose *os roles* convencionais de xénero impostos pola cultura dominante.

A primeira vez que vin un traballo de Annie Sprinkle quedei fascinada. Eu asistía con resignación a unhas clases eternas e soporíferas sobre videoarte. Levabamos xa varios meses visionando pezas aburridísimas e de repente o profesor puxo un vídeo cortiño dunha señora. Só iso xa era unha grande innovación, porque ao longo da miña vida académica foron moi poucas as ocasións nas que se nos falaba dalgunha muller como autora. A seguinte cousa que me fascinou foi vela a ela en pantalla: unha muller redondiña, de mediana idade, a gusto na súa pel espida, cun sorriso entusiasta que transmitía grandes doses de simpatía. E a terceira cousa que me chamou a atención foi a posta en escena: Sprinkle só levaba postas unhas luvas negras longas. Nun plano medio fixo estaba a xogar coas súas tetas ante a cámara ao ritmo do *Minueto* de Dimitri Shostakovich. Nese instante Sprinkle conquistoume para sempre: unha dona capaz de divertirse co seu corpo, compartindo o privado no ámbito da cultura *seria* (e maioritariamente masculina), semelloume admirable e quixen saber máis.

Sprinkle nace como Ellen F. Steinberg, en Filadelfia, no ano 1954, nunha familia de clase media, onde é a segunda filla de tres. Vaise da casa aos 17 anos. E con 18 vende pombiñas nun cine X de Arizona. En breve decide cambiar de traballo e métese a masaxista nun antro no que con frecuencia se chega

ao sexo cos clientes. Entón adopta o seu alcume profesional: Annie Sprinkle (*Ana A Salpicada*). Máis que un nome vólvese o seu *alter ego*. Como Annie, disfruta de ser sexualmente moi activa, fermosa, atractiva e divertida, e en breve pasa directamente a prostituírse.


Pouco despois coñece a Gerard Damiano, o director de cine X, viaxa a Nova York e entra na industria do porno, primeiro como asistente de rodaxe e pouco despois como actriz. No seu primeiro ano como tal convértese nunha estrela do xénero e chega a protagonizar en total máis de cen películas. Aparte de ter un físico exuberante, Sprinkle destaca pola naturalidade coa que actúa e polo seu atrevemento ao facer subxéneros considerados como depravados incluso dentro da industria. O feito de que participe destas prácticas co seu amplo sorriso, e que a posteriori asuma esta etapa profesional con normalidade, é realmente máis transgresor que a práctica mesma, xa que desenvolve e fai público o concepto de que a sexualidade pode ser unha práctica cambiante e mutante, escapando de etiquetas. Os gustos poden ser moi diversos, sen que iso signifique ter un problema psicolóxico ou unha identidade sexual fixa.



No seu primeiro ano na industria do porno convértese nunha estrela do xénero e chega a protagonizar en total máis de cen películas

O feito de que participe destas prácticas co seu amplo sorriso, e que a posteriori asuma esta etapa profesional con normalidade, é realmente máis transgresor que a práctica mesma [...]





Annie Sprinkle, *Bosom Ballet*

No ano 1981 Sprinkle decide aportar a súa visión persoal do sexo eponse detrás da cámara [...] cunha película moi anovadora e que marca a posibilidade da experimentación dentro do cine porno


Moitas feministas xa entenderan antes ca ela que o privado é político tamén, o innovador en Sprinkle é desde onde o proclama, e en que termos

No ano 1978 coñece ao artista William DeRider, fanse parella e con el aprende nocións sobre *performance* e arte conceptual. E en breve comeza a traballar como *performer* en clubs de *striptease* con espectáculos onde se cuestionan mitos diversos en relación á sexualidade masculina e feminina.

Aínda que gusta do seu traballo como actriz X, hai varias cousas da industria que non lle agradan. A primeira é a falta de visibilidade do orgasmo feminino. A segunda é a presión social pola que supostamente unha muller non debe desfrutar *demasiado*, senón que debe adoptar unha posición pasiva e receptora.

No ano 1981 Sprinkle decide aportar a súa visión persoal do sexo eponse detrás da cámara para dirixir o filme *Deep inside Annie Sprinkle*, unha película moi anovadora e que marca a posibilidade da experimentación dentro do cine porno. No seu filme, unha Sprinkle

de 40 anos fala á cámara co espectador, e estes fragmentos mestúranse con outros nos que unha Sprinkle de 26 anos, ten sexo con diversos espectadores nunha sala de cine X onde se proxecta un filme dela. É un xogo postmoderista onde representación e realidade se entrecruzan creando un novo significado. O monólogo cara a cámara racha coa natureza *voyeur* do público do porno. Sprinkle explica con absoluta naturalidade e xovialidade parte da súa biografía, amosando fotos da súa infancia e adolescencia. Este compartir documentos *inocentes* e persoais é absolutamente novo e a estratexia de xuntar personaxe-público-activo sexualmente coa esfera individuo-persoa, será unha constante en todo o seu traballo posterior. Moitas feministas xa entenderan antes ca ela que o privado é político tamén, o innovador en Sprinkle é desde onde o proclama, e en que termos. Así pois, as confidencias á cámara alternan-



[...] o grupo feminista Carnival Knowledge contacta con Sprinkle e pídenlle que participe nunha serie de *performances*. [...] Diante do público falan como na intimidade da súa casa, e na conversa cuestións sexuais crúzanse dun xeito fluído e natural con outras intelectuais, emocionais...

No 2005 Sprinkle inicia un proxecto que aínda segue a traballar coa súa parella, a tamén artista Elizabeth Stephens

se con fragmentos *hardcore* dela masturbándose e exacuando ante a cámara, e outros onde mantén sexo con outras persoas de xeito espontáneo, sen guiión previo.

En 1984 o grupo feminista Carnival Knowledge contacta con Sprinkle e pídenlle que participe nunha serie de *performances*. Ela decide que a acompañen colegas do porno coas que ten amizade. Diante do público falan como na intimidade da súa casa, e na conversa cuestións sexuais crúzanse dun xeito fluído e natural con outras intelectuais, emocionais..., dentro dun entorno académico e público.

Por este período, varios amigos e compañeiros de profesión, entre outros o seu mozo, comezan a infectarse e morrer de SIDA. Sprinkle decide implicarse e inicia unha campaña dentro da industria para que actores e actrices podan traballar practicando sexo seguro. Rinse dela, decide abandonar a súa carreira e xusto neste momento chámama da Universidade de Nova York para que presente no marco académico o seu espectáculo de *burlesque: Nurse Sprinkle's Sex Education Class*. A partir dese momento Sprinkle decide adicarse exclusivamente ao mundo da arte.

Entre a súa produción paga a pena nomear o espectáculo *Post-Porn Modernist* (1990). Na primeira parte do mesmo vemos a evolución de Ellen (a nena e adolescente que foi) ata Annie, a pornoestrela ansiosa por experimentar do sexo ata condutas escatolóxicas. Entre reflexións varias con vontade didáctica e grandes doses de humor representa a súa celebre Public Cervix Announcement (Presentación pública do cervix). Na segunda parte Sprinkle fálanos da súa evolución de Annie a Anya, unha muller maior, máis madura, máis espiritual. Xa como Anya fala da SIDA e dalgunhas historias míticas relacionadas co sexo. Con Anya, esta artista asume o *rol* de deusa/sacerdotisa do pracer, acende velas, pronuncia oracións de rituais profanos e finalmente mástúbase en público ata chegar ao orgasmo (algo que Madonna copiaría nunha

versión *light* no seu Blonde Ambition Tour de 1992).

No ano 2002 Sprinkle completa os seus estudos e convértese na primeira estrela porno que consegue o seu doutoramento. Desde entón publica varios libros invitando a homes e a mulleres a desfrutar máis do seu corpo e na actualidade segue a traballar nun proxecto que arranca no 2005. Como resposta antibelicista á guerra de Iraq, e aos movementos homófobos que lle negan a posibilidade de matrimonio aos homosexuais nos USA, Sprinkle inicia daquela un proxecto que aínda segue a traballar coa súa parella, a tamén artista Elizabeth Stephens. ■

Bibliografía

SPRINKLE, Annie: *Post-porn modernist: My 25 years as a multimedia whore*, Berkeley (California), Cleis Press, 1998.

SPRINKLE, Annie: *Hardcore from the Heart: The Pleasures, Profits and Politics of Sex in Performance*, Londres-Nova York, Continuum International Publishing Group, 2001.

PRECIADO, Beatriz: «Género y performance», *Zehar: Revista de Arteleku-ko aldizkaria* (Donostia), núm. 54 (2004), *La repolitización del espacio sexual*.



Sprinkle e Elizabeth Stephens



JABON
DE LA
TOJA

A fábrica de xabóns da Toxa

PATRICIA ARIAS CHACHERO

As orixes da fábrica de xabóns da Toxa remóntase ao ano 1903, cando Fernando Rodríguez Porrero, Laureano Salgado Rodríguez e Eulogio Fonseca García, este último avalado polo primeiro marqués de Riestra, José Riestra López, acordan poñer a andar a Sociedade Anónima La Toja.¹ É un am-

bicioso proxecto empresarial baseado na explotación dos mananciais de augas termais que se viñan empregando popularmente con fins curativos cando menos desde o século XVIII.² A tríade de *altruístas* varóns actúa coa esperanza de atraer á illa un turismo selecto e economicamente solvente disposto a

¹ A S. A. La Toja constitúese o 7 de abril de 1903, cun capital inicial de seis millóns de pesetas.

² MADUZ, Pascual: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, tomo X, Madrid, Imprenta del diccionario geográfico a cargo de D. José Rojas, 1847, p. 391.

Envolvendo xabóns



Envasando talco



someterse a tratamentos de beleza e saúde equiparables, segundo anunciaban, aos proporcionados nos balnearios centroeuropeos tan de moda naquela altura.

A idea non era nova, pois desa mesma época son o Hotel de Guitiriz (1908), o Balneario de Cuntis (1908) ou o Hotel Balneario de Cabreiroá en Verín (1907). O pioneiro Balneario de Mondariz, que viña funcionando con acerto desde o ano 1873, non parece ter sido referente directo do que aquí nos ocupa.

A comezos do século XX, A Toxa experimentaría unha espectacular transformación que a levaría a converterse nun dos máis concorridos e elitistas centros turísticos de Galicia. Até aquel momento a pequena illa arousá, cuxo verdadeiro nome era Louxo, pouco máis fora que un anaco de terra lamacentá, incultivable e consecuentemente chea de maleza, onde nunca vivira ninguén. Aproveitando a baixamar, as veciñas e veciños do Grove atravesaban, a pé ou en carro, a distancia que os separaba da illa para fornecerse nela de balumada, paúlo e paus cos que acender o lume.

A apertura do Gran Hotel en 1907 proporcionoulles traballo a moitas mulleres da contorna. A lavandaría, a limpeza ou o servizo de cuartos dependeron desde o comezo delas. Inda así, o sector do complexo termal que máis man de obra feminina había empregar

sería, fóra de toda dúbida, a fábrica de xabóns inaugurada dous anos antes. Nestas instalacións ocupáronse un importante número de donas para as que o traballo fóra da casa non resultaba ningunha novidade, pois o marisqueo ou as fábricas de salga da zona –a de Bargés, Carreró Mascato ou a de Goday– levaban tempo dándolles á oportunidade de gañar un xornal. Foi así como estas modernas asalariadas tiveron acceso a certa autonomía e liberdade económica que explican a conformación dunha realidade social moi particular, cuxas consecuencias inda son perceptibles neste recanto das Rías Baixas.

Emilia Pardo Bazán, asidua visitante do hotel, cóntanolo así en 1915:

Con los jabones se ha dado jornal a bastantes mujeres; como en las fábricas de conservas de Vigo, el trabajo de los jabones de La Toja se hace por *mociñas* aldeanas.³

O prexuiroso xornalista vigués Jaime Solá, herdeiro dunha familia de orixe grovense con intereses económicos na cidade de vacacións, expón a súa idílica versión do traballo feminino nun artigo aparecido nos anos vinte nas páxinas do periódico que dirixía.

Hoy no mariscan ya las mozas de mi aldea. Hoy van a trabajar en la fábrica de jabones de La Toja. Mañanita aún, muy arrebuñadas, caminan cómodamente por la carretera. Y al caer de la tarde vuelven cantando enracimadas en los grandes automóviles que hacen la carretera a Pontevedra.

**A comezos do século XX,
A Toxa experimentaría unha
espectacular transformación
que a levaría a converterse
nun dos máis concorridos
e elitistas centros turísticos
de Galicia**

**[...] o sector do complexo
termal que máis man
de obra feminina había
empregar sería, fóra de
toda dúbida, a fábrica de
xabóns inaugurada dous
anos antes**

Sus manos ya no son callosas manos de pescantinas: son ágiles manos de obreras empaquetadoras, sus dedos no se cortan con el filo de las conchas rebeldes: son dedos inquietos, rápidos, que realizan la fina labor de envolver en lindas litografías y encerrar en bellos estuches las veinte mil pastillas de jabón que cada día salen de la isla a honrar el nombre de la industria gallega por los centros y arrabaldes de todo el mundo habitado por la gente que se lava.

La playa perdió algo de animación [...] pero la belleza y la elegancia moceriles ganaron con ellos, y al hogar del pesca-

³ PARDO BAZÁN, Emilia: «Transformación», en *La Toja. Estudios médicos-Guía del bañista*, Barcelona, Cromo-tipo-litografía Francisco Madriguera, ca. 1915, p. 10.

Embotellando colonia



dor [...] llega un saneado jornal de todo el año, haya el tiempo que haya.⁴

Efectivamente, eran moi poucos os homes que traballaban na fábrica de xabóns *La Toja*. Facémonos unha idea da proporción nunha fotografía datada en 1922,⁵ tomada en fronte da fachada principal da fábrica. A imaxe permítenos ver unha longa fileira de persoas, presumiblemente traballadoras e traballadores, na que contabilizamos un total de 31 mulleres e tan só 4 homes. Eles ocupábanse da caldeira, de carrexar os materiais máis pesados e de baixar ao subsolo en busca de lodo. Como non podía ser doutra maneira, tamén eran varóns os encargados ou vixilantes e o director, que nos primeiros anos foi Carlos Solá, irmán do xornalista.

A fábrica estaba instalada no sueste da illa, sobre os baños Lazarinos, unha das fontes de auga termal destinada tradicionalmente ao tratamento das enfermidades infecciosas. Ocupaba un edificio de pedra, utilitario e funcional, dotado de grandes xanelas que permitían unha adecuada ventilación e a entrada de luz solar. As operarias traballaban nun espazo libre e aberto, construído seguindo as novas tendencias da arquitectura industrial que valoraban a salubridade nos lugares de traballo. A localización do inmovible era clave no proceso de fabricación, pois no subsolo existían uns subterráneos que permitían sacar á superficie os lodos dos que xa falamos. Para facilitar tan pesada tarefa en 1905, a empresa propietaria instalou unha pequena central eléctrica que funcionaba con vapor e que permitía iluminar artificialmente o espazo de onde se extraían por «evaporación no baleiro» os sales minerais cos que se fabricaban os xabóns.⁶

A disposición das instalacións, o agradable espazo no que se fabricaban os xabóns, o cheiro que desprendían e as modernas máquinas que se empregaban facían que o lugar fose visita obrigada para veraneantes e bañistas. As traballadoras, sempre limpas, ataviadas con brancos mandís e co cabe-

lo cuberto por panos, completaban a estampa perfecta de saúde e salubridade.

O xabón de *La Toja* naceu co propósito de venderlles a todos aqueles que non podían permitirse acudir á illa, un artigo relativamente barato que participaba das calidades saudables dos sales minerais que fixeran famoso o balneario. As destinatarias principais das coidadas e numerosísimas campañas publicitarias emprendidas pola empresa foron as mulleres, vistas como clientas potenciais dos cosméticos. Andando o tempo, o produto íríasense como un obxecto necesario para o aseo diario que desde comezos de século se estaba volvendo un hábito entre as clases acomodadas.

A aquela pequena pastilla de xabón, en orixe de cor crúa, atribuíanselle ademais todo tipo de propiedades antisépticas e cosméticas que fixeron que desde moi pronto fose valorado como un dos mellores de España e Portugal. Segundo a prensa da época, desde o comezo distribuíronse unhas 59.000 pastillas e frascos de sales anuais e en moi pouco tempo a produción triplicárase. Cabe supoñer que o ritmo de traballo no interior da fábrica había ser extenuante.

La Toja foi en todo momento un negocio próspero, en mans dos homes

máis poderosos do país. Baste dicir que cando en 1907, cadrando coa inauguración do Gran Hotel, se rexistrou por vez primeira a marca comercial *Sales de la Toja S.A.*, a presidencia da empresa recaeu sobre o marqués de Riestra, o home máis rico de Galicia e o propietario da illa. El dirixiría sen interrupción a fábrica de xabón até que en 1923 o substituíu Raimundo Riestra Calderón, o segundo marqués de Riestra, quen exerceu durante moi pouco tempo, pois enseguida adquiriu a maioría do capital o grupo do Banco Pastor e ocupou a partir de entón a presidencia o banqueiro e futuro conde de Fenosa, Pedro Barrié de la Maza.

Nos anos que median entre a fundación da empresa e a chegada de Barrié, a fábrica de xabóns, cuxa arquitectura lembra, por certo, a das conserveiras galegas, converteuse nun referente en toda a península no tocante á elaboración de artigos cosméticos de calidade. As pezas de xabón exportáronse ense-

⁴ SOLÁ MESTRE, Jaime: «Los lourdes gallegos: En la encantada isla de La Toja», *Vida Gallega* (Vigo), núm. 211, ano XIV (novembro de 1922).

⁵ *Vida Gallega* (Vigo), núm. 211 (novembro de 1922).

⁶ *Mondariz-Vigo-Santiago. Guía del turista*, Madrid, Sucesores de Ribadeneyra, 1912, p. 132.

As destinatarias principais das coidadas e numerosísimas campañas publicitarias emprendidas pola empresa foron as mulleres, vistas como clientas potenciais dos cosméticos

Mulleres na fábrica



guida a países europeos e suramericanos e moi pronto a produción diversificouse. Os anuncios dos xornais fálannos de xabóns para barbear, en po ou para lavar a roupa, pero tamén de frascos de sales de baño, fixadores para o pelo, colonias, pos de talco ou pasta de dentes.

O ambiente de traballo das operarias retrátao moi ben o mestre estradense Manuel García Barros, quen, tras visitar o lugar cos seus alumnos, cóntanos que:

Allí trabajan unas simpáticas obreras ataviadas todas conpañuelitos blancos postos a la manera de gorros. Allí pueden observar los niños con la natural curiosidad, cómo la pasta se convierte en barras y cómo de estas se desprenden mecánicamente las pastillas que corren de suyo por la larga estera a someterse a diferentes y sucesivas manipulaciones

de las obreras hasta caer envueltas en su cubierta en la caja en que serán transportadas a los puntos de venta. A la salida somos obsequiados por el Gerente con unos cientos de pastillas y tubitos de muestra de los productos que en la fábrica se elaboran.⁷

Aos seus 80 anos, María Cabanelas Romero⁸ lembra ao detalle o longo proceso de elaboración do xabón. Nunhas enormes caldeiras mesturábanse alcol, talco e azucre, que con outras substancias daban corpo o produto primixenio, que se puña a ferver. A seguir, abríanse unhas billas que tiñan estes depósitos na parte inferior e botaban esa base líquida nuns caldeiros, para a continuación depositala nunha especie de placas cadradas de aproximadamente 1 metro de lado por 15 centímetros de fondo. O líquido resultante deixábase secar e solidificar.

Logo, as mulleres trasladaban o resultado á «secadora», unha especie de muíño onde se trituraba o xabón «base» ata que quedaba dividido en anacos non máis grandes ca un garavanzo. A seguir pasaban eses cachos a unha máquina mesturadora, onde lle engadían o colorante, o perfume e os lodos medicinais que sacaran dos túneles subterráneos os homes. Todos estes ingredientes moíanse e mesturábanse até lograr que quedasen coma unha pasta.

Chegados a este punto, botábase esa pasta nuns caixóns do tamaño aproximado dun cadaleito, pero máis anchos, para que fose secando. A seguir, catro mulleres, dúas por cada lado, transportaban os caixóns a outra máquina que ía dándolle voltas á pasta até que acababa de secar e convertía o xabón en labras. Outras traballadoras encargábanse de levar esas labras a unha nova máquina da que xa saía unha barra continua e cilíndrica.

Finalmente, unha das operarias encargábase de activar unha panca que cortaba, por medio dun arame, a longa barra en pezas do tamaño aproximado dunha pastilla. Cada unha desas rudimentarias pezas metíanse unha a unha e a man, nun «troquel» ou molde de metal que mediante a presión que exercía a traballadora lles daba a forma definitiva e lles imprimía o deseño co que sairían da fábrica ao mercado.

Para concluír o proceso xa só quedaba a embalaxe. Unha vez «troqueladas», as pezas caían nunha polea que as transportaba até o final da cadea, onde tres traballadoras remataban a laboriosa tarefa. A primeira destas mulleres envolvía cada pastilla nun papel branco; a segunda púñalle por enriba un papel marrón, e por último, a terceira encargábase de poñerlle a «anilla» ou precinto, que durante moito tempo levaba impresa unha imaxe do



⁷ GARCÍA BARROS, Manuel: *El emigrado*, 7-VII-1933.

⁸ A ela e aos seus sobriños, Archi e Carolina, queremos agradecer moi sinceramente o traballo e a amizade.

antigo hotel da Toxa. Unha vez envoltas e «anilladas», metíanse en caixas de cartón que contiñan 12 pezas cada unha e xa estaban listas para a súa distribución no mercado.

O inicio da guerra civil paralizou a vida na illa. O hotel que pechou a finais do mes de xullo de 1936, converteuse nun hospital de sangue⁹ e pouco despois nun sanatorio. En 1937, *La Toja* fabricaba unicamente para o exército franquista e na publicidade destes meses compróbase o tallante posicionamento da poderosa empresa de cosméticos:

Las fábricas de *La Toja* han contribuido con su apoyo económico y moral a la causa de España, y su producción continúa desarrollándose con toda normalidad. Consumir productos de las industrias que radican en la zona ocupada por el ejército es fomentar el trabajo y servir a la Patria.

Contribuya a fomentar la riqueza de España, protegiendo las industrias que radican en territorio ocupado por el glorioso Ejército.¹⁰

Hoxe, as mulleres da fábrica de xabón téñense convertido nun caso máis de oficio connotadamente feminino neste noso país que tende a esquecer canto lle debe ao traballo das donas

Un dos mananciais de *La Toja* na actualidade



En 1946 volveuse normalizar a actividade e chegaron a producir case dous millóns e medio de pastillas. O novo impulso comercial fixo que dous anos despois se ampliase a antiga fábrica e contratásen moitas mulleres, até chegar a unhas 150 empregadas. Entre elas, María Cabanelas, a nosa informante, quen entrou a traballar cun contrato inicial por seis meses durante os que gañou catro pesetas e media ao día. Tras este período seguiu na empresa cobrando seis pesetas e media diarias. Ese mesmo ano, os cuartos do Gran Hotel custaban entre as 40 e as 125 pesetas por noite. O importe da pensión completa quedaba cuberto con 165 pesetas. Podíase tomar o baño por 5 pesetas.¹¹

En teoría, a xornada laboral das traballadoras de *La Toja* era de oito horas. Durante moitos anos a fábrica funcionou de nove da mañá á unha da tarde e de tres a sete. Despois adoptaron a xornada continuada e as operarias pasaron a traballar só pola mañá, de sete a tres. A mediados da década dos cincuenta, a británica Nina Epton pasou uns días no Gran Hotel da Toxa e recolleu para nós o son da buguina que marcaba o inicio da xornada das traballadoras do xabón.

Os dous hoteis da illa pertencen á compañía propietaria da fábrica. Este edificio é tan discreto que a súa presenza apenas se nota. A súa única cheminea non sobresa dos altos piñeiros que a rodean, e a sirena chamando aos obreiros (a maior parte mulleres do Grove) ás sete e media da mañá só amola aos que teñen o sono lixeiro.¹²

Coa chegada dos setenta, a próspera empresa mudou de nome e pasou a chamarse *La Toja Cosméticos*, pouco tempo despois as instalacións trasladáronse ao polígono de Alvedro, en Culleredo. A incomprensible e rápida decadencia do florecente negocio foi só cuestión de tempo. Entre 1985 e 2000, cambiou até cinco veces de mans, pasando a depender de Gillette (1986), Nobel (1990), Orive, Henkel Ibérica (1992) e Schwarzkopf & Henkel (2000).

Hoxe non se entende moi ben a repentina quebra dunha firma cosmética

que funcionou cun éxito rotundo durante tantos anos. As pastillas de *La Toja*, que se xactaban de ser as únicas capaces de facer pompas mesmo na auga do mar, transformáronse silandeiamente nun produto desprovisto de personalidade, fabricado moi lonxe de Galicia sen participar en absoluto das bondades minerais da illa arousá. Conservou, iso si, o deturpado nome creado a pé feito para nomear o complexo turístico. Se o cambio de denominación contribuíu ou non a que as e os grovenses deixasen de sentir o espazo insular como algo propio, resulta hoxe moi difícil de valorar, pero o certo é que na Toxa (ou en Louxo) traballaron centos de mulleres mecas, empaketando, «troquelando» ou cortando xabón. Gañaron o seu xornal convivindo coas desocupadas, e non sempre respectuosas, clases acomodadas que veraneaban no Gran Hotel.

Hoxe, as mulleres da fábrica de xabón téñense convertido nun caso máis de oficio connotadamente feminino neste noso país que tende a esquecer canto lle debe ao traballo das donas. Talvez cuestións sexistas como a imaxe da fábrica ou o feito de que elas podían ser máis expertas en tarefas que se aproximaban ao traballo doméstico sirvan para explicar o masivo emprego de man de obra feminina. En realidade importa pouco, pois o único que aquí quixemos foi render homenaxe ao traballo dun grupo de señoras que como as polbeiras, as leiteiras, as lavandeiras, as costureiras ou tantas outras constituíron un clan pechado nomeado unicamente en feminino. ■

⁹ GÓMEZ-ABANO, Ana B.: *100 anos Gran Hotel Hesperia La Toja: 1907-2007*, Vigo, Hoteles Hesperia, 2007, p. 22.

¹⁰ RODRÍGUEZ IGLESIAS, Araceli: «La publicidad como fenómeno comunicativo durante la Guerra Civil española», *Revista Latina de Comunicación Social*, 64, 2009, en <http://www.ull.es/publicaciones/latina>

¹¹ GÓMEZ-ABANO, Ana B.: *100 anos Gran Hotel Hesperia La Toja: 1907-2007*, Vigo, Hoteles Hesperia, 2007, p. 66.

¹² EPTON, Nina: *Uvas e granito*, Vigo, Ir Indo Edicións, 1983, pp. 200-201.

Unha homenaxe as mulleres das nosas vidas

ANNA AMORÓS PONS*

Lembrar un tempo, recordar o pasado, traer á memoria feitos esquecidos dunha época, acordarse de momentos dunha vida, revivir vivencias e sentimentos, conmemoralas de novo e compartilas. Isto é a sección de *Andaina* dedicada ás mulleres das nosas vidas, nais, avoas, tías, irmás maiores, veciñas... Todas e cada unha delas compartiron connosco os momentos e sentimentos da súa vida cotiá e permitiron que escribisemos sobre elas, deixando así a súa pegada nas follas dunha publicación que agora cumpre xa trinta anos.

«Lembranzas dunha época» naceu para ser testemuño da memoria destas mulleres. Cun título sinxelo, pero cargado de moito significado, hai agora máis dunha década abríase esta sección dedicada á vida cotiá da muller, esa vida que non queda contemplada nos manuais de historia nin tampouco se ensina nas escolas nin nos institutos. Unha viaxe o seu pasado, a través dos distintos relatos escritos polas súas fillas, netas, sobriñas. Relatos que dan a coñecer o esforzo que fixeron estas mulleres para garantir a vida familiar dos seus: co coidado de avós, pais, irmáns, marido, sogros, cuñados, fillos, netos; contribuíndo á economía familiar; responsabilizándose do aforro, da alfabetización dos seus irmáns maiores e algunhas do marido, do traballo doméstico e da granxa, da alimentación, da hixiene e da escolarización dos fillos; ocupándose da confección da roupa da casa e para toda a familia... E todo iso nunha época histórica difícil, nuns momentos adversos para a maioría das nosas mulleres protagonistas, nunha sociedade machista e no contexto da Galicia profunda.

Eran tempos caracterizados polo estancamento económico, pola escaseza alimentaria, pola represión política, pola pobreza cultural, polo fustrigamento lingüístico, polo elevado índice de analfabetismo e polo medo... Requiría un esforzo considerable, unha loita –iso si, discreta– día a día destas mulleres: Adela co estraperlo da fariña, Carmiña faenando

no mar, Cristina como mestra rural, Carmen estudando na cidade, Chita coidando os nenos dun navieiro, Gloria axudando no café-salón de baile dous seus pais, Edel emigrando a Francia, Mercedes nunha vida nómade por Galicia, Pilara creando unha fábrica de queixo, Malucha sendo empresaria dun cine, Asunción traballando nas conserveiras, Elvira emallando mobles, Mari Paz e Celsa co seu taller de costura, Concepción sendo mestra nacional, Lita como muller dun emigrante, Xela co recordo dos fusilamentos na guerra civil, Xulia que de doncela pasou a administradora do seu fogar, Dora coidando dous seus sete medio irmáns de tres nais diferentes, Pilar como empregada nunha fábrica de dentífricos, Elvira de cociñeira, Fina, empresaria de invernadoiros, Olga, nai de familia numerosa, Isidora, empregada dun bar, Carmen, sandadora de males... Un amplo abano de distintos relatos xermola das súas voces para configurar esa poliédrica mirada en feminino da historia cotiá das mulleres neses tempos.

Algunhas destas mulleres naceron en plena ditadura de Primo de Rivera, foron rapaciñas na Segunda República, mozas na guerra civil española, mulleres na posguerra, nais durante o longo período do franquismo e moitas delas son hoxe xa avoas. Para nós son loitadoras incansables contra as penurias cotiás, a fame, as privacións sociais, os medos atargados..., pero todas elas no atardecer dos seus anos están agradecidas coa vida que lles tocou vivir.

Hoxe e dende *Andaina* queremos agradecerlles a todas elas a súa inestimable achega, que fai posible esta sección, convidando as novas xeracións de mulleres a participar nela relatando as historias das mulleres das súas vidas. ■

* Profesora titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Vigo, colaboradora en *Andaina* dende o ano 1996 e coordinadora desta sección.

Isidora, dende o bar Pose de Laxe



SABELA POSE RODRÍGUEZ*

Isidora naceu no ano 1929 en Laxe, un pequeno municipio da famosa costa da Morte, un concello mariñeiro, no que a pesca era a principal forma de subsistencia para xente coma os seus pais. Cando a súa nai, Amelia, casou co seu pai, Francisco, este era viúvo e con seis fillos da súa primeira muller, logo chegarían catro máis. Tocoulle vivir nunha época na que a riqueza e a tranquilidade brillaban pola súa ausencia.

Eran tempos difíciles, a miña irmán Amparo morriu de meninxite cando eu só era unha nena. Miña nai morriu cando eu tiña catro anos e ós sete xa marchei a vivir cos meus tíos [...] Crieime cas miñas irmáns, naqueles tempos era o que tiña, eran traballadoras, limpas, pero faltaba de todo... non había camas bastantes, non había sabas nin mantas para os fillos que eramos... andabamos descalciños e medio espidos, eran outros mundos [...] Miña irmán Beatriz para vestirse roubáballe peixe a meu pai, e vendíao para conseguir cartos e con ese diñeiro tamén nos vestían ós pequenos, pero non podíamos dicir nada... Era criminal [ri].

Na vila non se vía un futuro claro, e marchar cara á cidade parecía a opción máis razoable, e foi o que fixo cando só tiña 15 anos. Uns coñecidos da familia contratárona na Coruña para servir na súa casa. Pero había un inconveniente...

Meu mozo era bo, aínda o é, por iso volví para aquí, porque estaba namorada, pero un ano despois marchou a facer o servizo militar e durante dous ou tres anos escribíamonos, logo volviu e casamos.

A partir dese momento a vida de Isidora cambiou e, aínda nun contexto de pobreza e escaseza, parece que as cousas comezaron a mellorar.

Non tiñamos nada, pero tiñamos de todo... eramos felices, porque, miña nena, a felicidade está no que che fai sorrir cada día. Agora parece que non é así, que a xente non se quere coma antes...

Isidora comezou a traballar no bar Pose axudando a súa sogra, sen saber que sería o emprego da súa vida.

Carreáballe a auga, fregáballe o piso, laváballe a roupa... axudáballe no que podía e ela dáballo de comer ós meus fillos, ó meu marido, con nosco portouse ben, eu quíxena como se fose a miña nai, quíxena hasta o último momento, aínda a sigo querendo.

* Sabela é neta de Isidora.

LEMBRANZAS dunha época



Ós 23 anos tivo unha nena, Meli, que recibiron con moita ilusión.

Tódalas noites colocábamo-la roupiña do bebé. Pulén sempre me dicía que en canto nacera a nena lle faría xoguetiños de madeira e que xa vería como seríamos aínda máis felices.

Tres anos máis tarde chegou Jesús Mari e no ano 1964 naceu o pequeno, Xosé Manuel.

Eu sempre quixen que os meus fillos non pasaran as que pasei eu, e tampouco quería que fosen mariñeiros, iso non o quería por nada do mundo... Intentei que estudaran, pero a nena non puido, tiña que axudarme no bar. O rapaz maior mandámolo á Coruña a estudar contabilidade, e foille ben. O pequeno era mal estudante e así que colliu moza non quixo saber máis de libros, pero era listo coma un raio, o final acabou estudando idiomas e tamén lle foi ben.

A súa sogra traspasoulles o bar ós fillos, Pepé e Pulén, e o establecemento comezou a ter moito éxito en Laxe.

[...] dabamos tapas, ningún outro bar as daba: pulpo, callos, empanadillas, calamares, empanadas, albóndigas e moitas cousas máis. Ah, e marisco!

Cando todo parecía ir ben, a Pulén doulle un ataque ó corazón e estivo a piques de deixala soa, e ela, inevitablemente, caiu nunha depresión. Pero como sempre din... o tempo dálle a cada un o que lle corresponde.

Cubrín unha primitiva máis, e cando cheguei a casa dixéronme que tocara... non o podía crer! 3 millóns 800 mil pesetas, que daquela eran moitos cartos, e con ese diñeiro compreille a herdanza ós meus cuñados, a casa na que vivimos hoxe [...]. E así foi a nosa vida, fomos para arriba, fomos indo...

Hoxe estou contenta... Teño uns fillos maravillosos, uns netos que non teño máis que dicir deles e unha neta que é un sol [ri]. E reunirmonos todos, esa é a felicidade máis grande. ■

Libros Rita Levi-Montalcini, unha muller preciosa

Sorprende que unha muller teña logrado tantas cousas nun país tan machista como Italia.

Luigi CAVALLI-SFORZA

PATRICIA ARIAS CHACHERO

A científica italiana Rita Levi-Montalcini cumprirá 104 anos no próximo mes de abril. Criouse xunto a súa irmá xemelga Paola, recoñecida pintora e escultora, en Turín, no seo dunha acomodada familia xudía de orixe sefardí. Nesta cidade realizou os primeiros estudos e ingresou na universidade tras convencer ao seu pai, que non estaba de acordo con que a súa filla se matriculase en Medicina, unha carreira pouco habitual para unha muller daquela época. Licenciouse no Instituto de Anatomía Humana de Turín, dirixida polo doutor Guiseppe Levi, mestre e mentor de tres dos catro premios Nobel concedidos a científicos italianos, Salvador Luria, Renato Dulbecco e a propia Rita, quen o recolleu no ano 1986. Como mostra da modestia desta muller baste dicir que se ten referido a tan importante galardón como «ese asunto que me fixo feliz pero famosa».



A prometedora doutora Levi-Montalcini comezou moi cedo a investigar o sistema nervioso. As leis raciais impostas por Mussolini en 1938 impedíronlle seguir coa súa formación e os seus experimentos de maneira normal. Nesta época, para non interromper os seus estudos tivo que construír un precario laboratorio na habitación que ocupaba na casa familiar. O antisemitismo que asolaba o territorio italiano durante a ocupación alemá fixo que pouco tempo despois se vise na obriga de abandonar Turín coa súa familia para vivir na clandestinidade, primeiro no campo e máis tarde na cidade de Florencia. Neste duro período, a perseveranza e o empeño científico fixérona pedalea durante horas para conseguir nas granxas da contorna os ovos que lle permitían continuar investigando. Rita apelaba á bondade dos granxeiros e a uns supostos fillos que necesitaban o prezado alimento. Gino, o irmán maior de Rita e Paola, negouse a comer as tortillas que as mulleres da familia preparaban cos restos dos experimentos da súa abnegada irmá en canto soubo da súa procedencia.

En 1942, Rita Levi-Montalcini identificou o NGF, *Nerve Growth Factor*, Factor de Crecemento Humano. Os seus estudos permitíronlle demostrar a morte programada das células, cientificamente denominada *apoptose*. Unha tese que sería fortemente posta en cues-

tión durante máis de medio século. En 1947 converteuse en profesora de neurobioloxía nunha universidade norteamericana, onde traballou e investigou durante anos.

Todo isto cóntao a propia Levi-Montalcini en *Elogio de la imperfección*, un libro intelixente e ben escrito, deses que atrapa de inmediato e se le dunha sentada. O título, inspirado no *Eloxio da loucura* de Erasmo de Rotterdam, anuncia o recoñecemento da imperfección que se agocha tanto na vida coma na ciencia. Nunha prosa accesible e pouco pretenciosa, a investigadora logra aproximarnos ao seu mundo científico e a paixón das súas descubertas.

Sempre modesta e humilde, Rita acostuma escribir cando menos, un libro por ano. En Italia algúns destes textos divulgativos se publican en coleccións dirixidas a xoves e adolescentes. É o caso de *Eva era africana* e *Le tue antenate*, redactados ambos coa axuda de Giussepina Tripodi, a súa inseparable axudante desde hai máis de corenta anos.

Eva era africana explica de forma clara e sinxela, como a evolución humana non respondeu a un plan preestablecido, senón máis ben a un conxunto de mutacións fortuítas. Na actualidade, os xenetistas teñen concluído que o DNI mitocondrial atópase en todas as células do organismo, tanto nos seres masculinos coma nos femininos, pero

só se transmite por vía materna. Se somos as mulleres as que o transmitimos, o vello relato bíblico de Adán e Eva ten que ser necesariamente falso. Todas (e todos) somos fillos de Eva, non de Adán. O noso antepasado común tivo que ser necesariamente unha muller, unha muller africana, negra. A segunda parte do libro está dedicada a analizar a situación actual da muller en 14 dos 53 países do continente africano.

Preocupadas pola sorte das mulleres africanas, Rita e a súa irmá Paola, constituíron en 1994 a Fondazione Rita Levi-Montalcini Onlus, institución benéfica creada coa vontade de axudar e formar a estas donas que viven en condicións de extrema pobreza. Convencida da eficiencia organizativa e da creatividade das africanas, a fundación ten distribuído máis de 6000 bolsas de axuda económica, procurando mecanismos eficientes que favorezan a transformación social e buscando que sexan elas quen asuman postos directivos a nivel social, político e científico.

Feminista declarada, Rita Levi-Montalcini foi nomeada senadora vitalicia no ano 2001, o que lle permitiu colaborar con Romano Prodi e obter importantes axudas governamentais para o desenvolvemento científico. Ademais, supervisa o traballo do grupo de xoves científicas, todas mulleres, do European Brain Research Institute de Roma, cidade na que actualmente reside. A

incansable e entusiasta Montalcini é membro, entre outras da Accademia Nazionale dei Lincei, da Accademia Pontificia delle Scienze, da National Academy of Science e da Royal Society.

En *Le tue antenate*, traducido ao castelán como *Las pioneras*, Montalcini e Tripodi ofrécennos un esquemático e coitado retrato de 70 mulleres pioneiras na sociedade e na ciencia. Trátase dunha colectánea de traxectorias biográficas desde a antigüidade clásica até os nosos días. De Hipatia a Vandana Shiva pasando por Virginia Galilei, María Montessori, Rosa Luxemburgo, María Bajunin ou a propia Levi-Montalcini.

A reivindicación do feminino, a preocupación polas mulleres dos países

pobres e a necesidade de conciliar o crecemento económico coa distribución equitativa dos recursos ocupan un lugar preponderante en *Tiempo de acción: El mundo global y el nuevo siglo*, un pequeno texto aparecido en setembro deste ano que sorprende pola clarividencia das afirmacións que recolle. Nas súas páxinas, a atractiva Nobel de Medicina defende apaixonadamente a educación como a única vía para lograr que os habitantes do sur do globo teñan perspectivas concretas de recuperación e desenvolvemento.

En 2012 teñen aparecido ademais *El mundo global y el nuevo siglo, Cronología de un descubrimiento, Tiempo de cambios e Tiempo de revisión*. ■



Libros



WITCH

AA. VV.: *Witch (Women's International Terrorist Conspiracy from Hell) / Comunicados, textos y hechizos (1968-1969)*, traducción de Inmaculada Pérez, Madrid, La Felguera, 2007.

En: http://www.lafelguera.net/web/IMG/pdf/parte_witch-terminado_en_quark.pdf

Nosoutras, irmás bruxas do único e verdadeiro subsolo, anunciamos a nosa presenza e comezamos o noso feitizo.

Nosoutras, que temos un antigo interese na liberdade (*burn baby burn*) somos as responsábeis do ritual segredo da marihuana.

Somos bruxas, somos mulleres. Somos liberación. Somos nosoutras. WITCH é tamén unha estratexia, un medio de subversión: a bruxaría.

(Women's International Terrorist Conspiracy from Hell)

ZÉLIA GARCIA

Aínda que non estamos diante dunha novidade editorial, xa que o libro foi editado en 2007 por La Felguera, traemos ás páxinas de *Andaina* este manual de resistencia feminista, desde a experiencia deste colectivo feminista das Bruxas ianquis das que imos falar, xa que son unha experiencia única no movemento feminista estadounidense de finais dos anos sesenta que nos pode dar moitas ideas para accións e conspiracións tan necesarias en tempos de crise.

Women's International Terrorist Conspiracy from Hell, que se acurtoú ás iniciais WITCH (bruxa), foi o nome utilizado entre 1968 e 1969 por estas feministas, que tamén utilizaron outras denominacións para os seus textos ou

accións como «Women's Inspired to Tell their Collective History» (Mulleres Inspiradas para Contar a súa Historia Colectiva), «Women Interested in Toppling Consumer Holidays» (Mulleres Interesadas en Derrubar os Días-de-festa do Consumidor), entre moitas outras.

Estas bruxas tiveron un activismo frenético e que conseguía escandalizar á sociedade estadounidense á que se dirixían. En pouco máis de doce meses realizaron accións, boicots, asinaron manifestos e desapareceron, vítimas tamén do desencanto do sesenta e oito. Moitos grupos de feministas naceron ao longo dos EE. UU. contaminados, no mellor sentido posíbel desta palabra, e que recollían a súa chamada de loita.

Fotos da páxina 54: © Jo Freeman



O colectivo inicial xurdiu cando o New York Radical Women (NYRW) se separou. O grupo dividiuse polos desacordos sobre o papel dos grupos de concienciación. Elas sentíanse máis perto das feministas con conciencia social, que se identificaban coa Nova Esquerda e o feminismo radical, que apostaba pola autonomía do movemento de mulleres.

Innovaron co seu xeito de organizarse, xa que cada grupo de WITCH se formaba de xeito independente, inspirado polas accións que outras bruxas fixeran antes. Utilizaban o teatro de rúa, as *performances* e as protestas teatralizadas, cunha mistura de humor, para denunciar as políticas dos gobernos e das empresas. Acudían a estas accións,



en moitas ocasións, ataviadas cos seus chapeus en punta e vasoiras de feiticeiras feministas, e cantaban aos catro ventos as súas maldicións e conxuros.

O día de Halloween de 1968, materializaron unha das súas accións diante da sede de Wall Street, usando roupas e maquillaxes terroríficas. Botaron un dos seus maleficios e ao día seguinte o índice Dow Jones diminuíu considerabelmente.

En decembro de 1968 as WITCH interviñeron diante da casa do Comité de Actividades Antiamericanas por unha protesta en apoio aos oito de Chicago.

Algunhas das integrantes de WITCH remataron integrándose na Weather Underground Organization, unha organización da esquerda radical ianqui, que apostou pola acción armada.

Este pequeno libro recolle textos e imaxes, traducidos por Inmaculada Pérez, que nos falan dunhas divertidas, loucas, creativas e fascinantes mulleres. Foron moito máis que contracultura e feminismo radical, e mesmo foron as precursoras da apertura do debate sobre a utilización da violencia revolucionaria por parte das mulleres.

A publicación de WITCH tamén xurdiu, segundo as palabras da propia editora, para «rachar coa masculinización da ollada na historia». O seu posicionamento desafiante contra todo e todos ten moito que ver con Valerie Solanas

e o seu manifesto SCUM. Outro dos puntos fortes destas mulleres foi o logro de devolver a loita política ao terreo da proposta e da capacidade de ameaza, de dicirse desde o plural e de reivindicar o poderoso da alianza entre mulleres.

Para rematar, citamos un dos seus feitos, que nos inspira para o aquí e o agora, para a necesaria revolta nas rúas das mulleres fronte a súa crise. Xunta as túas mans as outras e repite:

Pasa a palabra, irmá

Dobre, burbulla, guerra e cascallos.
Cando te enredas con mulleres, méteste en líos.

Somos condenadas por asasinato se se planea un aborto.

Condenadas por vergonza se non temos un home.

Condenadas por conspiración se loitamos polos nosos dereitos.

E queimadas na fogueira cando nos erguemos para loitar.

Dobre, burbulla, guerra e cascallos.

Cando te enredas con mulleres, estarás en líos.

Maldicimos o teu imperio para poder facelo caer.

Cando te enfrontas a unha de nosoutras, enfróntaste a todas!

O 15 de xaneiro de 1968, durante unha marcha feminista, utilizouse por primeira vez a célebre frase *Sisterhood is Powerful* (a alianza entre mulleres é poderosa). Recuperémolas! ■

Libros



A acabadora*

MURGUIA, Michela: *La acabadora*, tradución de Teresa Clavel Lledó, Barcelona, Salamandra, 2011, 188 pp.

Edición orixinal: *Accabadora*, Turín, Einaudi, 2009.

NSC

O título non permite moito circunloquio. Michela Murgia, natural da illa de Sardeña, escribe unha novela cuxo tema central é a morte. Ao final da vida a comunidade de Soreni, a aldea sarda na que discorren as cousas, segue pedindo axuda, na metade do século pasado, á *acabadora*.

Para nós, que fixemos tabú da morte, pode que resulte raro saber que esta figura, ou este papel, forma parte dunha ancestral tradición sarda, anterior á dominación cristiá, e que mesmo remaneceu o seu uso na comunidade convivindo coa idea cristiá de que a vida só é de Deus e de que só el pode dispoñer da mesma e de que os seres humanos deben resignarse a *vivir* até onde sexa preciso e do xeito que sexa preciso. Esta convivencia difícil fáisenos saber nos *encontros* de Bonaria Urrai e o padre Pisu, que

[...] buscou esforzadamente nos máis fondos recantos da súa pobre retórica as palabras axeitadas para non dicir que aquela pobre muller, ao seu entender, non debía ser soterrada no camposanto.

Elas eran mulleres que se encargaban de procurar a morte aos agoniantes, de facer o papel de *nai* no tránsito á morte por mandado da comunidade, sen que tampouco se publicitase nin se explicitase ese papel.

Sabíase, porén, non se andaba a dicir por aí, do mesmo xeito que unha era

modista ou *attitadora*, as choronas ou carpideiras.

Bonaria Urrai, case anciá, modista, porfilla a Maria Listru segundo costume alí existente, *fill'e anima*, unha particular forma de adopción. Sen papeis, co consentimento da nai biolóxica e sen que se corten as relacións coa familia de orixe.

Toda a comunidade sabe que Bonaria é a acabadora, a quen chaman para facer ese papel e a quen llo agradecen.

Todo o pobo asistiu ao velorio da acabadora de Soreni; nin sequera os mutilados de guerra deixaron de ir ao funeral. [...] En cambio, os Bastiu, sen excluír a ninguén, choraron á defunta con verdadeira pena...

Toda a comunidade o sabe, excepto Maria Listru.

Na novela, a autora confróntanos con tres casos ben diferentes, que discorren como río subterráneo. A primeira saída nocturna de Bonaria que Maria detecta, mediado o inverno de 1955, é a pedido de Rachela Litorra, para asistir ao seu marido Giácomo, a quen Bonaria e Maria van dar o pésame o día seguinte.

O segundo caso é moi diferente, a familia Vargiu, mandada por Antonia Vargiu, que envía a buscar á acabadora pola noite co motocarro. A autora describe:

[...] unha familia enteira en torno á mesa baleira. Seis persoas ademais do home que a foi buscar, o marido da muller que abriu a porta...

«Pedi el que eu viñese?», pregunta Bonaria, e cando esixe ficar a soas co *agoniante* el dille: «Ao cabo chamáronte».

Antonia Vargiu, por terme chamado sen motivo, malditos sexades todos os presentes... Por terme mentido dicíndome que non falaba, malditos sexan os vosos fillos, os que tedes e os que veñan... sabes perfectamente que teu pai non está moribundo nin sequera está preto dos seus últimos días. Dálle de comer. Se morre de fame non volverás durmir na túa vida. (64-65)

Con esta maldición, Bonaria fainos ver que non actúa en contra do *agoniante*. Endexamais sen o seu consentimento ou, se este xa non pode exercer, co dos seus próximos e á súa petición.

O terceiro caso, o máis difícil, constitúe a cerna da novela e as relacións das persoas protagonistas: Bonaria, Maria, Nicola, Andría. Os dous casos anteriores só fixeron prepararnos para entender o papel da acabadora.

* Esta reseña publicouse tamén en *ADIANTE*, Boletín Informativo Electrónico do Comité de Ética Asistencial da Área Integrada de Asistencia Sanitaria de Santiago de Compostela.

Agora temos a Nicola Bastiu, un mozo apaixonado e cheo de vida que nas lides veciñais dunha extrema movida un metro cede a un desexo de vinganza mal planeado; recibe un tiro de escopeta, que se fai pasar como accidente de caza, queda eivado e non se ve vivindo a vida que en tal estado lle agarda.

O ton anticlerical e rabioso nas súas conversas con don Frantziscu, o cura a quen lle traen a casa contra a súa vontade (p. 86 e s.), e a aspereza con Bonaria Urrai, a quen tenta convencer para que o faga, unha e outra vez (77 e s., 96 e s.) contra a posición dela, non deixan lugar á dúbida da idea de Nicola sobre a vida que merece ser vivida, idea que comparte Salvatore, o pai, quen

[...] na intimidade alcohólica coas súas amizades levaba amargamente o loito polo fillo, morto respecto a todas as posibilidades que volven digna a vida dun home. (p. 108)

Pero Bonaria mantense firme: «Non hai nada que decidir. O que me pides non pode facerse [...] Non o farei» (p. 93). A insistencia de Nicola e a súa proposta de aproveitar a noite de Todos os Santos, cando se deixa a porta aberta ás almas e a mesa posta para que veñan, son quen de vencer a resistencia de Bonaria para proceder a... como debo dicir agora?, morte asistida?, suicidio asistido?, eutanasia?

Andría ve todo e todo llo conta a Maria. Maria ve agora a súa nai de alma dun xeito novo, descoñecido:

—Non, a vostede non a coñezo. A persoa a quen coñezo non entra de noite nas casas para asfixiar aos tolleitos con almofadas. (p. 130)

Pódese imaxinar a turbación de Maria e o moi difícil e lacónico diálogo con Bonaria, a recién descuberta acabadora pola súa filla de alma:

—Suceden por si soas... —murmurou, sorrindo con amargura—. Naciches acaso por ti soa, Maria? Saíches do ventre da túa nai empregando as túas propias forzas? Ou naciches coa axuda de alguén, como todos os vivos?

—Eu sempre... —comezou a moza, pero Bonaria interrompeuna cun xesto imperioso da man.

—Cala, non sabes o que dis. Cortaches ti soa o cordón? Acaso non te lavaron e aleitaron? Non naciches dúas veces pola graza doutros? Ou es tan lista que fixeches todo ti soa?

[...]

—Outros decidiron por ti entón e outros decidirán cando haxa que facelo. Non hai ningún ser humano que chegue ao final dos seus días sen ter tido pais e nais en cada esquina, Maria, e ti deberías sabelo mellor ca ninguén [...]. Eu tamén tiña un papel que desempeñar, e desempeñeino.

—E que papel era?

—O último. Eu fun a última nai que algúns viron.

Así Bonaria vén a dicirnos, como representante da súa comunidade de Soreni, que no final da vida merecemos

que se nos conforte e reconforte, que se nos facilite o tránsito, que se alivie a agonía, de igual xeito que unha comadroua ou parteira nos axuda na nosa chegada á vida. Porque chegar e marchar, nacer e morrer son dúas cousas ou as dúas cousas importantes, xunto ao xeito en que vivimos.

Bonaria Urrai dinos máis. Por boca de Nicola, en particular, e coa súa final aceptación de axudar a morrer a alguén que non desexa unha vida que non sente digna leva alén a agonía o papel de acabadora.

É valente a novela de Michela Murgia, no que trata e en como o trata. Está ben construída e a prosa é limpa e lírica. ■

e como
flota
isto???



monstruodexa



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

■ A Coruña

Librería Couceiro. *Praza do Libro, 12*
 Librería Xiada. *Avd. de Fisterra, 76-78*
 Librería Lume. *Rúa Fernando Macías*

■ Pontevedra

Librería Paz. *Peregrina, 29*

■ Santiago

Librería Couceiro. *Praza de Cervantes, 6*
 Baba. *Área Central*
 Ártico. *Rúa do Vilar, 49*
 Lila de Lilith. *Rúa Travesa, 7*

■ Lugo

Librería Trama. *Avd. da Coruña, 21 (galerías)*

■ Ourense

Livraria Torga. *Rúa da Paz, 12*

>> Blog con noticias e comentarios en:
<http://revistandaina.wordpress.com/>

>> Busca de artigos e consulta de números anteriores en:
<http://www.andainamulleres.org/>

PUBLICIDADE

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra

Rúa Travesa, nº 7
Santiago de Compostela
981 571 469
liladelilith@gmail.com

librariademulleres

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

anda!na

revista galega de pensamento feminista

Nome Apelidos

Enderezo Localidade

..... Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina** a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 25 € ano *Tarifa de apoio* 30 € ano

Envío talón. Pago en efectivo Data

Transferencia bancaria á cta. de Andaina Bco/Caixa

(Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301) Oficina

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e Localidade

enviar a: Revista Andaina, apdo. 1058 de Santiago)

Agradecereilles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
 Atentamente:

Nome Apelidos

Sinatura do/a titular da conta:

PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org

NADA NOS INTERESA
 MÁIS QUE O GALEGO.
 NIGUÉN NOS INTERESA
 MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 Campo do Couceiro do Galo, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - tel 981 56 38 85 / www.amasani.org

Nome:
 Apelidos:
 Enderezo:
 C.P.: Localidade:
 tel:

Cuota anual: | 30,05 euros.
 12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco Suorssal DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

O pasado 5 de agosto morreu na súa casa de Cuernavaca, México, María Isabel Anita Carmen de Jesús Vargas Lizano, de nome artístico *Chavela Vargas*, tiña 93 anos. Nacida en Costa Rica, abandonou ese país aos 17 anos, logo dunha infancia infeliz e enfermiza. Chegou a México e posteriormente obtería a nacionalidade mexicana.

Chavela admiraba a denominada canción *ranchera* e en concreto a que trata de amores e desamores. Chavela cantaba, facíao soa, con apenas unha guitarra baixando o ritmo das melodías e imitando a ebriedade. Sempre foi a contracorrente, cando era moza vestía con roupas masculinas, fumaba tabaco, levaba pistola e bebía en exceso. Nunha entrevista para a TV colombiana, aos 80 anos, recoñeceu abertamente que era lesbiana.


Chavela Vargas

Durante moitos anos cantou na rúa e nas cantinas, despois fíxose cantante profesional apadriñada por José Alfredo Jiménez, compositor e tamén cantante, pero, ante todo, compañeiro de troulas. Contan que cando Jiménez morreu Chavela acudiu o seu velorio e se derrubou cantando borracha. Ao intentar apartala, a viúva de Jiménez dixo: «Deixádea, está sufrindo tanto coma min».

Nos anos cincuenta empezou a facerse máis coñecida por frecuentar círculos artísticos, trabando amizade con Diego Rivera e Frida Kahlo, Pablo Neruda, Carlos Fuentes, Carlos Monsiváis... A súa relación con México, país que adoraba, foi agri doce: non se lle recoñeceu como figura até os anos noventa, cando Pedro Almodóvar amosou a súa admiración pola cantante incluíndo cancións que ela cantaba no seu filme *Tacones lejanos*. Posteriormente viría a súa amizade con Joaquín Sabina e Álvaro Urquiyo.

O seu éxito en España permitiulle cantar no mítico teatro Olympia de París. Alí acudiron Almodóvar e a actriz francesa Jeanne Moreau, quen non sabía falar español pero lle dixo a Almodóvar: «Non fai falla que me traduzas o que canta, porque a entendo perfectamente». E seguro que era certo, porque escoitar a Chavela era escoitar un corazón ebrio de amor e de dor.

Os seus últimos anos viviu en Tepoztlán, estado de Morelos, ao pé do monte Tepozteco, con quen ela dicía falar todas as mañás.



Hai quen di que reinventou a máis pura e antiga canción *ranchera* mexicana: masculina e sentida, porque os homes só falan de sentimentos cando están bébedos. O certo é que viviu con insolente liberdade as súas paixóns e desexos e mostrou novos camiños para os amores que no século pasado non se atrevían a dicir o seu nome.

No palacio de Belas Artes, en México DF, os representantes institucionais despedírona cunha homenaxe nun teatro que ela amaba, pero onde soamente se lle permitiu actuar dúas veces na súa vida. Na praza Garibaldi despedírona con dous días de música e tequila.